



FACULDADE DE DEREITO

# **As Estruturas Ministeriais durante a primeira metade do Século XIX**

**TFG presentado por Fermín Caamaño Louro**

Curso académico 2021-22

Titor: Pedro Ortego Gil

**Resumo:** O século XIX foi determinante para a configuración das estruturas ministeriais contemporáneas. Os textos constitucionais deste período conformaron un Goberno axustado aos parámetros da monarquía constitucional, cunha figura rexia que, malia ser depositaria do poder executivo, delegou cada vez máis o seu exercicio nun equipo de ministros coordinados polo Consello de Ministros e o seu presidente. As necesidades da xestión dun Estado máis desenvolvido, así como a introdución dos principios das distintas faccións liberais, determinaron un aumento na complexidade do Dereito administrativo, a creación de departamentos novos e múltiples reformas nas súas plantas que foron incrementando progresivamente o grao de especialización dos empregados públicos. Máis aínda, os ministerios foron aumentando e concretando ao longo do século as súas atribucións, o que resultou na tendencia a ampliar o número de carteiras buscando o exercicio de certas funcións cunha eficiencia maior. Deste xeito, o Executivo erixiuse como unha forza preponderante na política da España da época, de forma que as estruturas ministeriais tiveron un papel principal no abandono do Antigo Réxime e na implantación do Estado liberal.

**Palabras chave:** Ministerios, Século XIX, Goberno, Liberalismo, Absolutismo.

**Abstract:** The 19th century was decisive for the configuration of the contemporary ministerial structures. The constitutional texts from this period instated a Government which adjusted to the parameters of the constitutional monarchy, with a royal figure which, despite being depositary of the Executive Power, increasingly delegated its exercise to a team of ministers coordinated by the Council of Ministers and its president. The needs of the management of a more developed state, as well as the introduction of the principles of the differing liberal factions, determined an increase in the complexity of administrative Law, the creation of new departments and various reforms over its staff which progressively increased the degree of specialization of the public officials. Moreover, the ministries enlarged and fixed their powers during the century, which resulted in a tendency to increase the number of departments looking for the exercise of certain functions with more efficiency. In this regard, the Executive became the preponderant force in Spanish politics of the time, as the ministerial structures had a main role in the abandonment of the Ancien Régime and the implementation of the liberal state.

**Keywords:** Ministries, 19th century, Government, Liberalism, Absolutism.

# Contidos

<b>Introdución</b> .....	3
<b>Primeiro Capítulo: Regulación Constitucional</b> .....	5
1. O Estatuto de Baiona .....	5
2. A Constitución de 1812 .....	7
3. O Estatuto Real de 1834.....	9
4. A Constitución de 1837 .....	10
5. A Constitución de 1845 .....	11
<b>Segundo Capítulo: Os Ministerios</b> .....	13
1. Os Ministerios xosefistas.....	13
2. Os Ministerios durante o reinado de Fernando VII .....	13
2.1. As Secretarías de Despacho gaditanas .....	13
2.2. As Secretarías de Despacho tralo retorno de Fernando VII (1814-1833) .....	15
3. Os Ministerios durante o reinado de Isabel II .....	18
3.1. Os Ministerios durante a vixencia do Estatuto Real de 1834 .....	18
3.2. Os Ministerios durante a vixencia da Constitución de 1837 .....	19
3.3. Os Ministerios durante a vixencia da Constitución de 1845 .....	21
<b>Terceiro Capítulo: Atribucións Ministeriais</b> .....	28
1. Atribucións dos Ministerios xosefistas.....	28
2. O Ministerio de Estado.....	30
3. O Ministerio de Graza e Xustiza .....	31
4. O Ministerio de Facenda .....	33
5. O Ministerio de Guerra .....	34
6. O Ministerio de Mariña .....	35
7. O Ministerio de Fomento .....	36
8. O Ministerio de Gobernación .....	37
9. O Ministerio de Ultramar .....	38
<b>Conclusións</b> .....	41
<b>Bibliografía</b> .....	43
<b>Fontes</b> .....	46

# Introdución

Os albores do século XIX foron unha época de grandes transformacións en tódolos eidos, tamén no xurídico. En particular, a irrupción dos principios do liberalismo, o desenvolvemento do Estado contemporáneo e a crecente sofisticación da ciencia administrativa determinaron unha nova etapa na evolución do poder executivo. A pesar da clásica idea do *laissez faire*, a nova realidade socioeconómica multiplicou os asuntos dos que deberon facerse cargo os gobernos, de xeito que a tendencia foi a aumentar o número de ministerios e a clasificar e reorganizar as súas atribucións para executalas de forma máis precisa. Así, o carácter revolucionario do momento tamén imbuíu a realidade xurídica, polo que o estudo deste período é fundamental para unha maior comprensión non só das ferramentas legais do pasado, mais tamén da orixe e incluso do funcionamento do goberno como institución no Estado constitucional e de Dereito dos nosos días.

España, a pesar da crenza popular, non se mantivo á marxe nin estivo á zaga destes acontecementos, senón que os incorporou e, en ocasións, tivo un papel destacado neles. Así, as primeiras décadas do século XIX, coincidentes cos reinados de Xosé I, Fernando VII e Isabel II son testemuñas dos procesos polos que se sentaron as bases da Administración pública e as estruturas ministeriais contemporáneas. Nos sesenta anos que van desde 1808 a 1868 obsérvanse tres grandes concepcións políticas do Estado e, por tanto, de como debería ser gobernado: o reformismo napoleónico, un absolutismo con trazos tanto reaccionarios como ilustrados e un liberalismo finalmente dividido en faccións contrapostas. O antagonismo entre elas, que incluso chegou a se plasmar en varios conflitos armados, non debería ocultar o feito de que, lonxe de seren bloques estancos, se influísen mutuamente, especialmente no caso das dúas últimas, e incluso utilizasen solucións análogas para problemas similares. De aí, e non só pola proximidade temporal, que o seu estudo gañe moito facéndose en conxunto, xa que permite observar o arco evolutivo da Administración española desde o Antigo Réxime até o Estado contemporáneo na súa completude.

Para ilo, este traballo pretende trazar unha visión xeral dos procesos que afectaron as estruturas ministeriais durante este período, coma o paso das Secretarías do Despacho absolutistas aos Ministerios liberais, a creación de departamentos e os transvasamentos de competencias e atribucións entre eles. A estrutura está dividida en tres capítulos, cos dous primeiros seguindo unha ordenación cronolóxica e o último, unha máis funcional, ministerio a ministerio. A parte inicial trata

as bases constitucionais sobre as que funcionaron os gobernos e as súas estruturas ministeriais desde o Estatuto de Baiona até a Constitución de 1845. A segunda céntrase na evolución destes últimos órganos do Executivo en particular, incluíndo as reformas máis salientables, como o establecemento de novas institucións ou a introdución de transformacións nas plantas; así como en contextualizar estas mudanzas no clima político da época. Para sistematizar esta información, atópase ordenada en epígrafes relativos ao reinado de cada un dos monarcas que rexeron en España de 1808 a 1868. Finalmente, o derradeiro capítulo xira en torno ás atribucións que pertenceron a cada departamento e aos cambios que sufriron durante este espazo temporal.

O anterior implica inevitablemente a consulta de fontes como enfoque metodolóxico, con dúas clases ben diferenciadas. En primeiro lugar, están os textos secundarios dos estudosos contemporáneos, sexan historiadores do século XIX ou, en particular, do Dereito desta época. As súas investigacións aportan desde a visión xeral necesaria para iniciarse na análise das estruturas ministeriais até determinados datos específicos sobre o seu funcionamento. Non obstante, o estudo do pasado legal non é completo sen o exame das fontes primarias, máis concretamente, das normas que regularon as institucións que son obxecto deste traballo. Debido a que estas últimas son nalgúns casos de difícil acceso, os documentos que se citan son maiormente os que se atopan publicamente dispoñibles, como os que figuran na base de datos do Boletín Oficial do Estado ou os extraídos de obras recompilatorias da época que foron dixitalizadas.

En síntese, este Traballo de Fin de Grado pretende levar a cabo unha aproximación ás estruturas ministeriais, e ás transformacións que sufriron, durante os convulsos anos do período 1808-1868. O motivo é a maior comprensión da Historia do Dereito español, mais tamén das institucións do Estado dos nosos días, a través da análise dunha etapa que marcou decididamente unha viraxe no exercicio do poder executivo.

# Primeiro Capítulo: Regulación Constitucional

## 1. O Estatuto de Baiona

A invasión napoleónica de España a partir de 1808 catapultou o reino a unha nova era no que se refire á Administración do Estado. Ante o baleiro de poder que se produciu tralas pugnas internas que se saldaron coas abdicacións de Carlos IV e Fernando VII ante o Emperador, xurdiron dous polos de poder enfrontados. Dunha banda, estaba o goberno das Xuntas, que organizou en gran medida a resistencia contra o exército francés; da outra, o Imperio napoleónico creou un goberno afín cos obxectivos de estabilizar as novas conquistas e integralas nos territorios controlados por el. Á súa cabeza colocouse o irmán de Napoleón, Xosé Bonaparte. Velaí a dualidade política e xurídica característica deste período, aínda que ningunha das dúas autoridades logrou imporse de forma efectiva en toda a península até o remate do conflito.

Malia que a Administración xosefista nunca chegou a estar plenamente activa en toda a súa estrutura e foi disolta trala derrota do exército napoleónico, estudala segue sendo importante, tanto porque supuxo a irrupción dunha nova forma de gobernar como pola influencia que a experiencia tivo nas futuras organizacións ministeriais. O seu documento fundamental foi o Estatuto de Baiona, unha constitución que seguía o modelo das doutros Estados controlados polo Imperio Francés, como os reinos de Westfalia ou Nápoles (de feito, o irmán do Emperador xa fora rei deste último de 1806 a 1808), mais buscando á vez gañarse certas elites nacionais<sup>1</sup>.

Para ilo, e debido ao escaso coñecemento por parte dos invasores da realidade político-xurídica do territorio, Napoleón convocou a Xunta de Baiona en 1808, na que se reuniron varios membros notábeis do Consello de Castela para avaliar un texto proposto por el. Finalmente, aprobouse con emendas dirixidas a facer a norma máis axeitada para o contexto español, pero sen cuestionar o autoritarismo que contiña. Así, quedou un Estatuto moi semellante á Constitución do

---

<sup>1</sup> FERNÁNDEZ SARASOLA, I., «La Primera Constitución Española: El Estatuto de Bayona», en *Revista de Derecho, Universidad del Norte*, núm. 26 (2006), pp. 89-109.

ano VIII (1799) trala modificación por Senado-Consulta de 1804 que transformou a república francesa en imperio, no sentido de que ambas xiraban en torno a un rei con amplas competencias que se vía apoiado por outros órganos do Estado. Non obstante, tamén presenta algunhas modificacións propugnadas polos realistas españois que, sen conseguir despoer a Coroa das súas potentes funcións, trataron de dar poder ás estruturas parlamentarias.

Por tanto, o rei era unha peza central do sistema que fixaba o texto, o director da vida política. Entre os seus poderes incluíanse o de elaborar os chamados decretos do Rei, ditar leis até a celebración de Cortes (art. 60) e desenvolver o propio Estatuto mediante decretos e edictos (art. 143).

O Título VI, que leva o nome de “Do Ministerio”, sentaba as bases das estruturas ministeriais. En trazos xerais, establecía un sistema de ministros ou secretarios do Despacho que, coa asistencia dun secretario de Estado (art. 28), se encargaban de cada unha destas institucións. Porén, facíano en calidade de apoios do rei, como denota a responsabilidade á que os suxeita o artigo 31, polo que cómpre ter presente que non se lles poden trasladar os estándares dun membro do Executivo actual. Unha curiosidade do texto é a énfase que, por influencia dos afrancesados que asesoraron a súa elaboración, poñía en que varios ministerios non recaesen sobre o mesmo titular, coa excepción prevista no artigo 29, que permitía ao rei xuntar as carteiras de Negocios Eclesiásticos coa de Xustiza e a de Policía Xeral coa de Interior. O motivo era a evitación do “despotismo ministerial” que para moitos supuxo o goberno de Godoy<sup>2</sup>. O Estatuto tamén instituíu un Ministerio do Interior por primeira vez na historia de España<sup>3</sup>.

Finalmente, destaca o feito de que non existise unha figura de Goberno como tal, posto que os Secretarios quedaban como executores da vontade rexia. Como consecuencia, non había preferencia entre eles, máis alá, como expón o artigo 30, da antigüidade do seu nomeamento; e despachaban co rei de xeito individual<sup>4</sup>.

---

<sup>2</sup> *Ibid.*

<sup>3</sup> MERCADER RIBA, J., «La instauración primeira del Ministerio del Interior en España bajo José Bonaparte», en *HISPANIA*, 150 (1982), pp. 183-206.

<sup>4</sup> SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, J., *Historia de las Instituciones Político-Administrativas Contemporáneas (1808-1975)*, Madrid, 1994, pp. 215-219.

## 2. A Constitución de 1812

As forzas que organizaron a resistencia contra o exército napoleónico estiveron encabezadas polas Xuntas e, a partir de 1810, o Consello de Rexencia e as Cortes. Para ilo, emprenderon a creación dunha Administración paralela á xosefista, que, malia o natural antagonismo entre ambas, recollía algunhas das súas innovacións. A obra máis notable das Cortes de Cádiz, tanto para os contemporáneos como para a historia do Dereito, foi a Constitución Política da Monarquía Española, promulgada en marzo de 1812.

O sendeiro cara este punto culminante, non obstante, foi sinuoso debido á situación de guerra e revolución liberal simultáneas. Deste xeito, a Xunta Suprema Central, creada en 1808 para coordinar os esforzos das Xuntas locais, asumiu a tarefa de loitar contra o exército invasor. Porén, moitos consideraban que a primeira, polo seu tamaño, non era axeitada para o goberno do país. Próceres máis aliñados co absolutismo, como Palafox, propuxeron a institución dunha Rexencia, mais outros, como Jovellanos, receaban desta idea ao vela como un intento de impedir a reunión das Cortes, polo que avogaban por unha Sección Executiva dentro da propia Xunta<sup>5</sup>.

A solución pasou por crear un Consello de Rexencia en xaneiro de 1810 que mantivo a decisión de convocar Cortes que tomara a Xunta Central. Porén, estas non serían como no Antigo Réxime: eliminouse a organización estamental e reuníronse nunha única cámara, seguindo as doutrinas de Sièyes, co obxectivo de elaborar unha Constitución<sup>6</sup>. A ruptura co absolutismo vese xa na apertura das sesións o 24 de setembro, cando se declararon depositarias da soberanía nacional, proclamaron rei a Fernando VII anulando a súa abdicación e introduciron o principio da separación de poderes<sup>7</sup>. En decembro crearon unha Comisión presidida polo liberal Diego Muñoz-Torrero para a preparación do documento constitucional. Máis dun ano despois, un Decreto de 8 de marzo de 1812 aprobou o texto e dispuxo a súa proclamación para o 19 do mesmo mes.

---

<sup>5</sup> FERNÁNDEZ SARASOLA, I., «La organización del Poder Ejecutivo en España (1808-1810). Reflexiones a raíz de un texto inédito de Jovellanos», en *HISPANIA. Revista Española de Historia*, LXXI, 239 (2011), pp. 715-740.

<sup>6</sup> ASTARLOA VILLENA, F., «La Constitución de 1812», en *Cuadernos de la Facultad de Derecho*, 17 (1991), pp. 19-46.

<sup>7</sup> Decreto por el que los diputados que componen este congreso y que representan la nación española, se declaran legítimamente constituidos en Córtes generales extraordinarias, y que reside en ellas la soberanía nacional. *Gazeta de la Regencia de España e Indias*, núm. 78, de 6 de octubre de 1810, pp. 759-761.

A Constitución que resultou deste proceso rachou co réxime anterior e introduciu por vez primeira as bases do liberalismo. Entre as características que presenta<sup>8</sup>, as máis relevantes para o poder executivo son a soberanía nacional, desprovendo dela ao monarca; a defensa da Monarquía; e a división de poderes. Vese así o enfoque que pon o texto nun Goberno que, incluso baixo a dirección do rei, pretende ser representativo<sup>9</sup>. Deste xeito, e a diferenza do que ocorría no Estatuto de Baiona, a Coroa non era a institución central, senón que este lugar, aínda co principio de separación de poderes, ocupábanos as Cortes. Isto vese na orde do documento, no que o título dedicado a estas últimas precedía o que regula a figura do rei<sup>10</sup>. Porén, o monarca tiña importantes funcións, como facer executar as leis (art. 170), expedir decretos, regulamentos e instrucións para ilo, declarar a guerra e facer a paz, nomear os maxistrados, mandar os exércitos ou dirixir a política diplomática, entre outras (art. 171). Pola outra parte, aplicábenselle limitacións destacables, como as prohibicións de impedir, suspender ou disolver as Cortes nas épocas e casos sinalados pola Constitución, de ausentarse do Reino sen o consentimento do parlamento ou de facer alianzas ofensivas ou tratados especiais de comercio sen a aquiescencia da cámara (art. 172).

Para desenvolver todas estas funcións, o rei apoiábase nos Secretarios de Despacho, que, a pesar da denominación, non seguían sendo os Secretarios do Antigo Réxime, senón que tiñan o carácter de auténticos ministros<sup>11</sup>. As ordes do monarca, para seren efectivas, debían conter a sinatura do Secretario correspondente (art. 225). Máis aínda, este último era responsable delas ante as Cortes, sen importar o feito de que non tivesen orixe nel, en caso de iren contra a Constitución ou as leis (art. 226). Se isto ocorría, o parlamento podía decretar unha formación de causa (art. 228), remitindo ao Tribunal Supremo de Xustiza os documentos pertinentes para a toma dunha decisión ao respecto (art. 229).

Outros trazos característicos do Secretario eran a función orzamentaria con respecto aos departamentos (art. 227) e a exclusión dos estranxeiros do cargo (art. 223). Tamén destaca o art. 95 da Constitución, que impedía que fosen elixidos deputados, polo que só podían asistir ás sesións públicas das Cortes. Isto cambiou lixeiramente cun Decreto de 8 de abril de 1813<sup>12</sup> que permitía a súa asistencia se fosen chamados pola cámara ou enviados pola Rexencia para dar razón das

---

<sup>8</sup> ASTARLOA VILLENA, «La Constitución...», pp. 19-46.

<sup>9</sup> MASSO GARROTE, M., “Significado y aportes de la Constitución de Cádiz de 1812 en el constitucionalismo español e iberoamericano”, en DÍAZ REVORIO, F. J., e VERA SANTOS, J. M., *La Constitución de 1812 y su difusión en Iberoamérica*, Valencia, Tirant lo Blanc, 2012, p. 359.

<sup>10</sup> ASTARLOA VILLENA, «La Constitución...», pp. 19-46.

<sup>11</sup> SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, *Historia de las Instituciones...*, p. 222.

<sup>12</sup> Decreto CCXLVII. *Colección de Decretos y Leyes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde 24 de febrero de 1813 hasta 14 de setiembre del mismo año, en que terminaron sus sesiones*, Madrid, Imprenta Nacional, 1820, Tomo IV, pp. 35-42.

resolucións sobre as que lles preguntasen. Para ilo, loxicamente, tiñan permitido falar canto podía facelo un deputado.

A pesar do anterior, este sistema de Secretarías non permanecería moito tempo após a promulgación da Constitución, posto que tralo retorno do rei axiña se restabeleceron ao seu estado previo a 1808. Porén, as estruturas ministeriais non permaneceron estáticas, senón que durante os gobernos de Fernando VII seguiron a producirse transformacións que afectaron ao seu funcionamento, como a restitución da Xunta Suprema de Estado en 1815 ou, xa durante os albores da Década Ominosa, a creación do Consello de Ministros.

### 3. O Estatuto Real de 1834

Após a morte de Fernando VII en 1833, desencadeouse unha crise política que rematou por enfrontar os liberais e os absolutistas na primeira guerra carlista. Foi neste contexto no que a rexente María Cristina tratou de gañarse aos primeiros para o partido isabelino poñendo en marcha unha sorte de transición que supuxese o abandono do absolutismo. Con todo, non pasaba polo retorno á Constitución de 1812, senón pola promulgación dun novo texto, o Estatuto Real, publicado o 16 de abril de 1834<sup>13</sup>. Principalmente, regulaba a convocatoria de Cortes en dúas cámaras: un Estamento de Próceres, formado pola alta aristocracia e o clero, e outro de Procuradores, cuxo acceso dependía dun limitadísimo sufraxio censatario e que, na práctica, tamén estaba maiormente copado pola nobreza. Ademais, o documento tamén mostraba influencias da división en estamentos, do constitucionalismo gaditano e incluso do parlamentarismo británico<sup>14</sup>. Nel, como carta outorgada, primaba a figura do monarca, do que dependía a convocatoria e disolución das Cortes, pero que, por vontade propia, delegaba poderes nelas e no Goberno<sup>15</sup>. Non obstante, e debido ao carácter moderado e de compromiso que pretendía lograr, tamén introduciu na historia constitucional española elementos que se recollerían en sucesivas cartas magnas, como a soberanía compartida, o bicameralismo ou o sistema de dobre confianza no Goberno. A norma supuxo a fin do Antigo Réxime, xa que despois dela ningún monarca español reinou cun poder absoluto.

---

<sup>13</sup> Estatuto Real de 10 de abril de 1834 para la convocatoria de las Cortes Generales del Reino, mandando observar por su majestad la reina gobernadora en 10 del corriente. *Gaceta de Madrid* (en adelante, *Gaceta*), Madrid, 16 de abril de 1834, núm. 55, pp. 251-252.

<sup>14</sup> RODRÍGUEZ ALONSO, M., «El Estatuto Real de 1834. El embajador británico en la preparación y redacción definitiva del texto», en *Revista de estudios políticos*, núm. 44 (1985), pp. 189-203.

<sup>15</sup> SÁNCHEZ BLANCO, A., «Cartas Otorgadas y Constituciones de España», *Revista de Ingeniería y Humanidades*, núm. 23 (2012), pp. 8-37.

O Estatuto Real non era de gran extensión, nin tampouco moi detallado fóra da cuestión da convocatoria das Cortes, pero aínda así incluía novidades relativas ao Goberno. Por primeira vez quedou recoñecida formalmente nun texto constitucional a existencia do Consello de Ministros que creara Fernando VII en 1823, posto que se menciona explicitamente nos arts. 26, 37 e 40. Ademais, os dous últimos sinalan que o monarca non podía suspender ou disolver as Cortes directamente, senón que debía facelo por medio de decreto referendado polo presidente do Consello. Sobre o resto dos secretarios do Despacho, o art. 3 admitía a compatibilidade coa función de parlamentario, e o art. 26 prevía que puidesen abrir ou pechar o Parlamento cando o rei os autorizase. Finalmente, antes de que as Cortes votasen a imposición de contribucións, os secretarios debían expor o estado dos seus departamentos, e o de Facenda debía presentar os orzamentos de gastos e a forma de satisfacelos (art. 36).

## 4. A Constitución de 1837

O motín de La Granja en agosto de 1836 supuxo a fin do réxime do Estatuto Real e a restitución da Constitución de 1812, así como a caída do Executivo moderado e a apertura dun período de primacía progresista. O novo Goberno deste último partido, co obxectivo de reformar a carta magna para adaptala á situación política, convocou eleccións a Cortes Constituíntes, que, dominadas polos seus correligionarios, crearon unha comisión para a elaboración do proxecto. A pesar do cometido inicial, o produto foi un texto novo, a Constitución de 1837.

Tradicionalmente, esta carta magna describiuse como transaccional, como unha sorte de punto medio entre o texto gaditano e o Estatuto Real que tódalas faccións liberais puidesen aceptar. Porén, máis recentemente hai tamén unha tendencia a contemplala como un produto de carácter netamente progresista elaborada por un partido que, debido á súa vitoria nas eleccións e aos receos cara uns moderados que vía perigosamente próximos aos absolutistas, non creu necesario pactar<sup>16</sup>. En calquera caso, a nova Constitución incluía trazos definitorios como a soberanía nacional (mais no preámbulo), a separación de poderes, un sufraxio censatario que, aínda que restritivo, era amplo en comparación a outros sistemas electorais da época, o recoñecemento dun importante catálogo de dereitos e un parlamento bicameral, creando un Senado.

---

<sup>16</sup> AQUILLUÉ DOMÍNGUEZ, D., «La Constitución de 1837: ¿una Constitución transaccional?», en *Revista Historia Autónoma*, núm. 6 (2015), pp. 45-59.

Con respecto ao Executivo, era indisociable da figura do monarca, quen era responsable de facer executar as leis (art. 45), convocaba, suspendía e pechaba as Cortes, mais co límite de reunilas de novo en tres meses (art. 26); e tiña poder de veto (arts. 39 e 46). O reforzo da potestade rexia foi un dos mecanismos utilizados pola Coroa para intentar gobernar, o que non tardou en provocar tensións co lexislativo. Con todo, posto que o rei non estaba suxeito a responsabilidade, esta recaía sobre os seus ministros (art. 44), que a Súa Maxestade nomeaba e separaba libremente (art. 47). As Cortes podían facela efectiva, tornándose o Congreso en acusador e o Senado en xuíz (art. 40). Tamén se lles dedica aos ministros un breve título, o IX, no que se sinala que toda disposición do rei debía ir referendada por un deles (art. 61) e que o cargo era compatible coa posición de parlamentario (art. 62), destacable diferenza co texto gaditano. Finalmente, cómpre sinalar que a Constitución de 1837 foi a primeira que denomina os ministros así, no canto de Secretarios do Despacho, aínda que ambos nomes seguirían a usarse indistintamente durante este período<sup>17</sup>.

## 5. A Constitución de 1845

A caída de Espartero, valedor dos progresistas, supuxo unha importante mudanza no equilibrio de poderes da política nacional. Ante a difícil cuestión de designar unha nova rexencia, as Cortes optaron por adiantar a maioría de idade de Isabel II o 8 de novembro de 1843. Dous días despois a raíña xurou a Constitución e o presidente do Goberno, Joaquín María López, dimitiu, de xeito que Salustiano de Olózaga, progresista temperado, foi elixido para formar un Executivo. Non obstante, ante a oposición do Senado, intentou disolver as Cortes, mais a monarca negouse, obrigándoo a renunciar. Foi substituído polo moderado González Bravo, que convocou unhas eleccións para xaneiro de 1844 nas que o seu partido se saldou coa vitoria. Os progresistas, pola súa parte, non volverían ao poder até unha década despois.

Para consolidarse, os moderados precisaban impugnar moitos dos principios da Constitución de 1837. Para ilo, o Goberno de Narváez, que sucedera o de González Bravo en maio de 1844, convocou eleccións para outubro co obxectivo de reformala. Os progresistas non participaron, polo que os seus rivais lograron unha maioría que permitiu aprobar sen apenas oposición o que era unha reforma na teoría, mais que na práctica pode considerarse unha nova norma, a Constitución de 1845. A visión política que contiña é a do liberalismo doutrinario, cuxo principio da soberanía compartida entre o rei e as Cortes influíu na configuración do poder executivo. En síntese, tratábase

---

<sup>17</sup> GARCÍA MADARIA, J.M. *Estructura de la Administración Central (1808-1931)*, Madrid, 1982, p. 112.

de tomar a chamada constitución histórica de España, que condicionaba a primacía destas dúas institucións, e adaptala aos tempos que corrían<sup>18</sup>.

O anterior alterou o equilibrio entre os órganos do Estado, mais non supuxo un cambio drástico para o poder executivo, que seguía residindo nun monarca que o exercía a través dos ministros, como no texto de 1837. A vontade de robustecemento do poder que subxace na nova Constitución implicou o reforzamento da figura rexia e, polo tanto, do Consello de Ministros fronte ás Cortes, que quedaron nun segundo plano<sup>19</sup>. Desta forma, o Senado era controlado polo rei e, indirectamente, polo Goberno; e as Cortes xa non se reunían automaticamente cando o monarca non decidía convocalas antes do 1 de decembro, como ocorría na Constitución progresista. En canto ao funcionamento dos ministerios en si, apenas variou, até o punto de que os Títulos VI e IX, sobre o rei e os ministros, respectivamente, conservaron unha redacción idéntica en ambas cartas magnas no que se refire esta cuestión.

---

<sup>18</sup> MEDINA MUÑOZ, M.A., «La reforma constitucional de 1845», en *Revista de estudios políticos*, núm. 203 (1975), pp. 75-106.

<sup>19</sup> MEDINA MUÑOZ, M.A., «Las Cortes en la Constitución de 1845», *R.E.P.*, núm. 208-209 (1976), pp. 131-148.

# Segundo Capítulo: Os Ministerios

## 1. Os Ministerios xosefistas

O art. 27 do Estatuto de Baiona incluía nove ministerios para auxiliar o rei nas súas funcións: o de Xustiza, o de Negocios Eclesiásticos, o de Negocios Estranxeiros, o do Interior, o de Facenda, o da Guerra, o da Mariña, o de Indias e o de Policía Xeral. Non obstante, e a pesar da preeminencia que esta constitución daba á figura rexia, na práctica, o mellor coñecemento por parte dos ministros da situación do país fixo que fose dependente deles. Como consecuencia, as necesidades funcionais do goberno determinaron que se reunisen principalmente en dúas institucións: os Consellos Privados, que se ocupaban de asuntos financeiros e da administración e aos que asistían tanto os ministros como outras figuras de cuxa presenza requirise o rei; e o Consello de Ministros, un órgano colexiado que congregaba os secretarios do Despacho. Estas estruturas non acabaron tendo un desenvolvemento normativo completo debido, en gran parte, á confusión de competencias co Consello de Estado, institución de inspiración francesa que quitou peso aos ministros.

Fóra das bases do Estatuto, o instrumento fundamental para entender o funcionamento do executivo xosefista era o Decreto de 6 de febreiro de 1809<sup>20</sup>, no que se sinalaban as atribucións dos ministerios.

## 2. Os Ministerios durante o reinado de Fernando VII

### 2.1. As Secretarías de Despacho gaditanas

As Secretarías de Despacho do período gaditano teñen a súa orixe nas que creou a Xunta Suprema Governativa de España e Indias en 1808. Tratábase dun sistema de goberno colexiado e organizado en cinco seccións correspondentes coas existentes durante o reinado de Carlos IV antes da invasión, é dicir, Estado, Graza e Xustiza, Guerra, Mariña e Facenda; así como unha entidade

---

<sup>20</sup> *Prontuario de las Leyes y Decretos del Rey Nuestro Señor don José Napoleón I desde el año 1808*, Madrid, Imprenta Real, 1808, Tomo I, pp. 83-94.

coordinadora, a Secretaría Xeral<sup>21</sup>, na que se ve a influencia da Xunta Suprema e Perpetua de Estado instituída entre 1787 e 1792. Esta situación non durou moito, posto que foron substituídas por unha sección executiva encargada dos asuntos de transcendencia xeral. De xeito similar, a Xunta foi disolta, encargándolle o goberno a un Consello de Rexencia por un Decreto de 29 de xaneiro de 1810<sup>22</sup>.

As Cortes, na súa asemblea constituínte en 1810, habilitaron o Consello de Rexencia para o exercicio do poder executivo, mais recoñecendo a soberanía do parlamento e xurando obediencia ás súas leis e decretos<sup>23</sup>. Deste xeito, as estruturas ministeriais quedaron subordinadas ao Consello, xa que este escollía os Secretarios, responsables ante el, como quedou sinalado no Decreto de 16 de xaneiro de 1811<sup>24</sup>. Aínda máis, os deputados debateron cuestións como a creación dos Ministerios da Gobernación e das Indias, o control orzamentario dos departamentos ou a necesidade dos ministros de se reunir periodicamente, que na práctica se traduciu na existencia dun Consello de Gabinete, antecedente do de Ministros<sup>25</sup>. Durante este período tamén é salientable a elevación a Secretaría de Estado da Secretaría das Cortes en setembro de 1811<sup>26</sup>, para darlle estabilidade, mais non durou, xa que a carta magna, promulgada pouco despois, non a recollía.

A Constitución creaba no seu art. 222 sete Secretarías do Despacho, a do Estado, a da Gobernación do Reino para a Península e Illas Adxacentes, a da Gobernación do Reino para Ultramar, a de Graza e Xustiza, a de Facenda, a de Guerra e a de Mariña. Ademais, permitía que as Cortes sucesivas mudasen este sistema segundo as esixencias da experiencia ou as circunstancias. As súas atribucións foron fixadas uns meses despois por un Decreto de 6 de abril de 1812<sup>27</sup>, que tamén desenvolvía o xeito de operar dos Secretarios e a súa posición dentro do Executivo. A organización interna dos departamentos rexíase por bases comúns previstas polo Consello de Rexencia, como a limitación das graduacións a oito, uns máximos e mínimos orzamentarios para a dotación das prazas e a estrutura dos Arquivos e as Secretarías<sup>28</sup>. Con todo, tiveron unha existencia fóra das leis moi

---

<sup>21</sup> SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, *Historia de las Instituciones...*, p. 219.

<sup>22</sup> Junta Central Suprema, *Decreto de la Junta Central eligiendo un Consejo de Regencia*, Isla de León, 29 de xaneiro de 1810.

<sup>23</sup> Decreto I. *Colección de los Decretos y Órdenes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde 24 de setiembre de 1810 hasta igual fecha de 1811*, Madrid, Imprenta Nacional, 1820, Tomo I, pp. 1-3.

<sup>24</sup> Decreto XXIV. *Ibid.*, pp. 50-58.

<sup>25</sup> PEREZ de la CANAL, M.A., «Un plan de nueva organización de los Ministerios formado por el Consejo de Regencia de 1811», en *Documentación Administrativa*, 194 (1982), pp. 213-267.

<sup>26</sup> Decreto CX. *Colección de los Decretos y Órdenes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde 24 de setiembre de 1811 hasta 24 de mayo de 1812*, Madrid, Imprenta Nacional, 1820, Tomo II, pp. 37-38.

<sup>27</sup> Decreto CXLV. *Ibid.*, pp. 177-182.

<sup>28</sup> Os datos foron publicados por GARCÍA MADARIA, *Estructura...*, pp. 33-34, a partir de *Planta General de las Secretarías del Despacho propuesta por la Regencia del Reino*, Cádiz, 1813, pp. 3-4.

limitada debido ás circunstancias extraordinarias que imperaron durante os tres períodos de vixencia da Constitución.

## 2.2. As Secretarías de Despacho tralo retorno de Fernando VII (1814-1833)

A obra dos constituíntes gaditanos non permaneceu en vixencia moito tempo tralo retorno de Fernando VII, posto que, véndose con apoio entre a poboación e moitos deputados, deu un golpe de Estado unhas semanas despois. Así, por un Decreto de 4 de maio de 1814 declarou nulos e de ningún valor nin efecto a Constitución e as normas elaboradas polas Cortes<sup>29</sup>. Malia que nun primeiro momento se mantiveron certas ramas da Administración para non interromper o funcionamento do Estado, axiña se introduciron reformas no sistema de Secretarías.

En primeiro lugar, a Secretaría do Despacho de Gobernación de Ultramar foi suprimida por un Decreto de 28 de xuño de 1814 no que simultaneamente se restableceu a da Gobernación Universal de Indias no seu estado de 1787<sup>30</sup>. Non obstante, só duraría un ano máis, xa que tamén deixou de existir o 18 de setembro de 1815, repartíndose as súas competencias entre as demais Secretarías<sup>31</sup>. Estas, tralo Decreto de 19 de xullo 1814, reverteron ao estado de 1808<sup>32</sup>, cando eran cinco: Estado, Graza e Xustiza, Mariña, Facenda e Guerra. Como consecuencia, Gobernación da Península quedou suprimida de facto, o que se consumou formalmente ao día seguinte<sup>33</sup>.

Por outra banda, durante este período tamén se formou a Xunta Superior de Estado, seguindo o exemplo que o conde de Floridablanca sentara entre 1787 e 1792 coa Xunta Suprema e Perpetua de Estado. Esta última reunía os Secretarios e outros individuos útiles e necesarios para o

---

<sup>29</sup> *Gaceta Extraordinaria de Madrid del Jueves 12 de mayo de 1814*, núm. 70, pp. 515-521.

<sup>30</sup> Real Decreto de S. M., por el que queda extinguida la Secretaría nombrada de la Gobernación de Ultramar, y restablecido el Ministerio universal de Indias en la forma que estuvo en el año 1787, *Decretos del Rey Don Fernando VII: año primero de su restitución al trono de las Españas*, Madrid, Imprenta Real, 1816, Vol. 1, p. 102.

<sup>31</sup> Real Decreto: se suprime el Ministerio universal de Indias, y se manda que todos sus negocios se repartan y distribuyan entre los respectivos Ministerios según su clase, *Decretos del Rey Don Fernando VII: año segundo de su restitución al trono de las Españas*, Madrid, Imprenta Real, 1816, Vol. 2, pp. 665-666.

<sup>32</sup> Real Decreto de S. M., mandando que por las respectivas Secretarías de Estado y del Despacho corran los mismos negocios que cada una despachaba en 1808, á excepción de los de la atribución de la Secretaría de Estado y del Despacho universal de Indias, y los correspondientes á la Real Casa y Patrimonio, según Reales decretos de 22 de mayo y 28 de junio últimos, *Decretos del Rey Don Fernando VII: año primero de su restitución al trono de las Españas*, Madrid, Imprenta Real, 1816, Vol. 1, p. 127.

<sup>33</sup> Real Decreto de S. M., comunicado por el Secretario de Estado y del Despacho al Ministro de la Guerra, relativo á que habiéndose determinado que corran por las Secretarías de Estado los negocios que por ellas respectivamente se despachaban en el año de 1808, se suprime la del Despacho de la Gobernación de la Península, *Ibid.*, p. 132.

gobierno, nun intento do precipuo ilustrado de consolidar o seu concepto de Estado como expresión da vontade rexia<sup>34</sup>. En calquera caso, foi o Real Decreto de 2 de novembro de 1815<sup>35</sup> o que instituíu a mencionada Xunta fernandina, destacable antecedente do Consello de Ministros. Era un órgano presidido polo rei e conformado polos Secretarios (aínda que en ocasións podían acudir certos individuos, como os membros do Consello de Estado) que se reunía semanalmente para entender dos negocios que correspondían aos departamentos. Para ilo, cada membro debía levar unha lista dos asuntos pendentes do seu ramo do Goberno. Entre os seus deberes incluíanse o pago das débedas da coroa, a proposta de empregos dos cargos políticos e militares ou os adiantamentos e vantaxes en materia de agricultura, industria e comercio.

A Xunta deixou paso ao Consello de Ministros en novembro de 1823<sup>36</sup>, trala segunda restauración do absolutismo. Este órgano reunía os Secretarios para tratar os asuntos de utilidade xeral baixo a presidencia do monarca ou, no seu defecto, do de Estado, mentres que o de Graza e Xustiza servía de secretario. Para auxiliálo, en setembro de 1825 creouse un órgano dependente del, a Real Xunta Consultiva de Goberno, que se encargaba de cuestións como, por exemplo, o exame dos recursos dos departamentos<sup>37</sup>.

Outra cuestión importante do período é a creación dunha Secretaría de Fomento, unha sorte de consolidación en España da novidade que supuxeran o departamento de Interior xosefista e o da Gobernación gaditano. Este último fora suprimido en 1814, mais en 1820, durante o Trienio Liberal e ante a proclamación de novo da Constitución, volveuse introducir, e incluso foi dotado dunha nova planta en agosto de 1820<sup>38</sup>. Non houbo máis cambios até o final deste período, cando a Rexencia absolutista creou un Ministerio do Interior de seu no Decreto de 27 de maio de 1823<sup>39</sup>. Non

---

<sup>34</sup> GUILLAMÓN ÁLVAREZ, F.J., «Floridablanca y la Junta Suprema de Estado», en ALABRÚS, R.M., BETRÁN, J.L., BURGOS, J., HERNÁNDEZ, B., MORENO, D. e PEÑA, M. (ed.), *Pasados y presente: estudios para el profesor Ricardo García Cárcel*, Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, 2022, pp. 405-415.

<sup>35</sup> Real Decreto: establece S. M. una junta suprema de Estado, compuesta de los Ministros Secretarios del Despacho Universal para el examen y acierto de sus Reales determinaciones en las materias graves que en él ocurran, *Decretos del Rey Don Fernando VII: año segundo de su restitución al trono de las Españas*, Madrid, Imprenta Real, 1816, Vol. 2, pp. 729-733.

<sup>36</sup> Real decreto disponiendo que con los Secretarios de Estado y del Despacho, el de Gracia y Justicia, Guerra, Marina y Hacienda se forme un Consejo que se denominará Consejo de Ministros, *Gaceta*, 20 de novembro de 1823, núm. 114, p. 423.

<sup>37</sup> Real decreto creando una Junta auxiliar del Consejo de Ministros, con el nombre de Real Junta consultiva de Gobierno, para atender á los importantes negocios de la Monarquía que se expresan, *Gaceta*, 15 de setembro de 1825, núm. 112, pp. 445-446.

<sup>38</sup> Decreto X de 14 de Agosto de 1820. Planta de la Secretaría de Estado y del Despacho de la Gobernación de la Península, *Colección de los Decretos y Órdenes Generales de la Primera Legislatura de las Cortes Ordinarias de 1820 y 1821, desde el 6 de julio hasta el 9 de noviembre de 1820*, Madrid, Imprenta Nacional, 1821, Tomo VI, pp. 40-41.

<sup>39</sup> *El Restaurador. Colección de Decretos, Órdenes y Circulares del Gobierno desde la Instauración de la Regencia en 26 de mayo de 1823*, Núm. 1, Madrid, 1823, pp. 5-6.

obstante, trala derrota dos liberais, Fernando VII anulou unha vez máis os actos do goberno constitucional o 1 de outubro, suprimindo Gobernación de novo<sup>40</sup>. O Ministerio da Rexencia correu igual sorte uns días despois, aducindo o soberano que era demasiado gravoso<sup>41</sup>.

A pesar de todo, durante a Década Ominosa houbo varios intelectuais e xuristas que defenderon a institución dunha Secretaría do Interior ou da Gobernación como unha solución aos problemas económicos do reino, o que quedou plasmado en tres exposicións presentadas ante o monarca. En primeiro lugar, está a de Javier de Burgos, moderado e afrancesado, que foi dirixida ao rei en xaneiro de 1826<sup>42</sup>. Nela propoñía, entre outras medidas, a creación dun Ministerio do Interior para erguer a riqueza e o crédito do país. En 1829, o célebre xurista Pedro Sainz de Andino presentou unha análise similar na que fixaba como función da Administración civil o fomento e prosperidade dos mananciais e elementos da riqueza pública. Para logralo, defendía o establecemento dun único centro encargado da potenciación da agricultura, as artes e o comercio, un Ministerio da Administración Civil ou Interior. Finalmente, en outubro de 1830 foi Luis López Ballesteros, Secretario de Facenda, o que argumentou por esta idea na súa propia exposición, na que sinalaba unha mala repartición das competencias entre os departamentos do Goberno. O remedio para el era claro, a introdución dun principio da orde na Administración creando unha Secretaría do Despacho e do Goberno Político.

Este último texto probablemente influenciou a decisión de Fernando VII de anunciar a creación dun ministerio así nun decreto autógrafo o 5 de novembro de 1830<sup>43</sup>, aínda que nunca chegou a publicarse. Con todo, as discusións en torno ao asunto dilatáronse moito entre os Consellos de Ministros e de Estado debido á oposición dalgúns figuras políticas que aducían á mala situación do erario público e á importunidade do momento (cómpre lembrar a vaga revolucionaria de 1830 no resto de Europa)<sup>44</sup>.

A situación de parálise cambiou en 1832, tralos sucesos de La Granja. Após o intento frustrado de anular a Pragmática Sanción durante a enfermidade do rei, os absolutistas máis acérrimos foron expulsados do Goberno, que, encabezado por Cea Bermúdez, emprendeu unha serie de reformas. Unha das máis importantes foi a creación do novo departamento que se encargaría da administración civil, a Secretaría de Despacho do Fomento Xeral do Reino, por un

---

<sup>40</sup> *Decretos del Rey Nuestro Señor desde la época feliz de su libertad en 1º de octubre de 1823*, Núm. 1, 1823, Madrid, pp. 2-4.

<sup>41</sup> *Decretos del Rey Nuestro Señor*, Núm. 2, 1823, Madrid, pp. 11-12.

<sup>42</sup> SUÁREZ VERDAGUER, F., «La creación del Ministerio del Interior en España», en *Anuario de Historia del Derecho Español*, 19 (1948-1949), pp. 15-56.

<sup>43</sup> SUÁREZ VERDAGUER, F., *Documentos del Reinado de Fernando VII*, Pamplona, 1969, Vol. III, p. 12.

<sup>44</sup> SUÁREZ VERDAGUER, F., «La creación...», pp. 15-56.

Decreto de 5 de novembro<sup>45</sup>. A denominación non era aleatoria, senón que buscaba evitar tanto “do Interior” como “da Gobernación” para afastarse dos departamentos xosefista e gaditano<sup>46</sup>. Non obstante, as súas competencias eran moi similares, como se ve no decreto que fixou as súas funcións e planta catro días trala súa creación<sup>47</sup>. Deste xeito consolidouse en España o ministerio dedicado á administración civil, aínda que os seus nomes fosen cambiando e a tendencia, sobre todo a partir de mediados de século, fose a de crear departamentos específicos para as materias que ao principio concentrou Fomento.

### 3. Os Ministerios durante o reinado de Isabel II

#### 3.1. Os Ministerios durante a vixencia do Estatuto Real de 1834

Os primeiros meses do reinado de Isabel II estiveron marcados por unha contundente serie de reformas administrativas produto da política da rexente María Cristina para conseguir apoios entre os liberais. Moitos destes cambios producíronse durante o goberno de Martínez de la Rosa, que substituíu a Cea Bermúdez como presidente do Consello de Ministros en xaneiro de 1834.

Non só foron suprimidas as institucións do réxime sinodal, o que supuxo a transición definitiva do sistema consultivo ao moderno<sup>48</sup>, senón que foi promulgado o Estatuto Real, inaugurando unha nova etapa constitucional. En canto aos ministerios, xunto cos cambios na planta de Estado<sup>49</sup>, as reformas máis relevantes foron a creación do cargo dun subsecretario en todos eles coa función de asinar as comunicacións preparatorias relativas á instrución de expedientes e os traslados das comunicacións principais de resolucións definitivas; e a división dos departamentos en seccións ao cargo dun Xefe<sup>50</sup>.

---

<sup>45</sup> Reales decretos para reducir los gastos de la Monarquía á los ingresos del Real Erario y fortunas de sus leales vasallos, *Gaceta*, 6 de novembro de 1832, núm. 135, de, p. 543.

<sup>46</sup> ROJAS JUÁREZ, J.R. e de ANDRÉS DÍAZ, R., *Ministerio del Interior. Dos siglos de Historia*, Bilbao, 2015, p. 40.

<sup>47</sup> Real decreto organizando la Secretaría de Estado y del Despacho del Fomento de la forma que se expresa. *Gaceta*, 10 de novembro de 1832, núm. 137, p. 551.

<sup>48</sup> CORDERO TORRES, J.M., *El Consejo de Estado. Su trayectoria y perspectivas en España*, Madrid, 1944, p. 85.

<sup>49</sup> Real Decreto aprobando una nueva planta para la Secretaría de Estado, *Gaceta*, 22 de agosto de 1834, núm. 188, p. 800.

<sup>50</sup> Real Decreto dando una nueva planta á las Secretarías del Despacho, y estableciendo para ello en cada una de las Secretarías del Despacho un Subsecretario, de nombramiento Real, á propuesta del respectivo Secretario de Estado, y á sus órdenes inmediatas, *Gaceta*, 17 de xuño de 1834, núm. 120, p. 525.

Durante o resto da vixencia do Estatuto, os gobernos subsecuentes introduciron novas plantas nas Secretarías de Estado<sup>51</sup> e Gobernación<sup>52</sup> (Fomento recibiu o nome de Interior en maio de 1834<sup>53</sup>, o que mudou de novo en decembro de 1835<sup>54</sup>) e crearon unha Xunta de Seccións na de Graza e Xustiza<sup>55</sup>. Após o motín de La Granja, o Executivo de Calatrava mudou a planta dos departamentos de Mariña, adheríndolle competencias sobre o comercio e os asuntos de Gobernación de Ultramar<sup>56</sup>; e, unha vez máis, Gobernación, organizándoo en catro seccións<sup>57</sup>.

### 3.2. Os Ministerios durante a vixencia da Constitución de 1837

Os anos de vixencia da Constitución de 1837 foron decisivos para a consolidación dos principios liberais na vida política. Así o atestan importantes reformas económicas, como a desamortización de Mendizábal, ou a situación de cruenta guerra civil. Non obstante, e a pesar da gran novidade que supoñía o texto fundamental, o certo é que non se produciron innovacións tan intensas no seo da organización ministerial.

O Goberno de Calatrava mudou a planta da Secretaría de Estado en outubro de 1836<sup>58</sup>, eliminando o posto de subsecretario e atribuíndo as súas competencias ao oficial maior, establecendo só dúas seccións e reducindo o soldo dos empregados. Porén, o feito de que non se

---

<sup>51</sup> Real Decreto poniendo los negocios del ministerio de Estado á cargo de cuatro secciones: dos de política, una de comercio y consulados, y otra de contabilidad y negocios interiores, y nombrando jefes de sección y oficiales para la misma, *Gaceta*, 12 de agosto de 1835, núm. 225, p. 897; e Real Decreto efectuando nombramientos para proveer en propiedad, con arreglo á la nueva planta que se ha aprobado en este día, las vacantes de la secretaría del Despacho de Estado, nombrando para ello á los señores que se indican, *Gaceta*, 25 de outubro de 1836, núm. 686, p. 2.

<sup>52</sup> Reales Decretos arreglando la secretaría de lo Interior, y nombrando jefes de sección, *Gaceta*, 12 de abril de 1835, núm. 102, p. 405-406.

<sup>53</sup> Real Decreto por el Ministerio creado el 6 de noviembre de 1832 con la denominación de Secretaría de Estado y del Despacho de Fomento General del Reino pasa a denominarse Secretaría de Estado y del Despacho del Interior, la Sección de Fomento del Consejo Real de España e Indias, pasa a denominarse del Interior, y los Subdelegados principales de Fomento tendrán el título de Gobernadores Civiles de las Provincias., y los de partido el de Subdelegados del Gobierno Civil, *Gaceta*, 15 de maio de 1834, núm. 84, p. 385.

<sup>54</sup> Real Decreto resolviendo que el ministerio del Interior se denomine en lo sucesivo de la Gobernación del Reino, *Gaceta*, 8 de decembro de 1835, núm. 102, p. 1386.

<sup>55</sup> Real Decreto estableciendo en la Secretaría de Estado y del Despacho de Gracia y Justicia de vuestro cargo una junta que se denomina de secciones, y que se reunirá diariamente, *Gaceta*, 11 de xaneiro de 1836, núm. 382, p. 2.

<sup>56</sup> Real Decreto dando nueva planta á la Secretaría de Estado y del Despacho de Marina, *Gaceta*, 1 de outubro de 1836, núm. 659, p. 2.

<sup>57</sup> Real Decreto dando nueva planta á la Secretaría del Despacho de la Gobernación de la Península, *Gaceta*, 4 de outubro de 1836, núm. 662, p. 1.

<sup>58</sup> Real Decreto efectuando nombramientos para proveer en propiedad, con arreglo á la nueva planta que se ha aprobado en este día, las vacantes de la secretaría del Despacho de Estado, nombrando para ello á los señores que se indican. *Gaceta*, 25 de outubro de 1836, núm. 686, p. 1-2.

delimitasen claramente as atribucións dos oficiais xerou certa confusión, motivo polo que dous anos despois, xa con Narciso Heredia como presidente do Consello de Ministros, se introduciu un arranxo provisional do que cómpre destacar que poñía todo o referente ao persoal a cargo do oficial maior<sup>59</sup>.

Por outra banda, a crecente importancia do Consello de Ministros fixo necesario regular as súas reunións. En setembro de 1838, o seu presidente, Bernardino Fernández de Velasco, elaborou unhas regras neste senso, concretando asuntos formais como as circunstancias das xuntanzas<sup>60</sup>.

A fin da Primeira Guerra Carlista en 1839 non impediu que continuasen os tumultos, como se ve durante a rexencia de Espartero, marcada por motíns e conatos de revolución. Foi durante esta etapa, con Rodil y Campillo á cabeza do Executivo en febreiro de 1843, cando se creou un Consello de Goberno co obxectivo de auxiliálo<sup>61</sup>. As sesións deste órgano estaban dirixidas polo presidente do Consello de Ministros cando asistise, e o posto de Secretario rotaba entre os ministros. Compoñíano un número indeterminado de suxeitos entre os que se achaban, entre outros, os ministros en exercicio e os ex-ministros secretarios de Estado.

Após o final da rexencia do espadón progresista, introduciuse durante o goberno de Joaquín María López, en setembro de 1843, unha Xunta Consultiva do Ministerio de Estado<sup>62</sup>. Este corpo estaba formado por un presidente, catro vogais e un secretario sen voto nomeados de entre os individuos que servisen na carreira diplomática con distinción, a excepción dun, que debía ser un dos funcionarios de Facenda. A súa función era emitir ditames para o ministro sobre decisións referentes a materias como a política, o comercio ou os tratados, entre outras. Estes anos son tamén turbulentos para a figura do subsecretario en Estado, posto que, trala súa desaparición en outubro de 1836, sería restabelecido e suprimido outras dúas veces até decembro de 1843, cando as súas competencias ficaron de novo no oficial maior do departamento, que se configuraba como un cargo político ao determinar que non era de ascenso para os demais oficiais<sup>63</sup>.

---

<sup>59</sup> GARCÍA MADARIA, *Estructura...*, p. 112.

<sup>60</sup> *Ibid.*

<sup>61</sup> Real Decreto creando un Consejo de Gobierno para que auxilie á este con sus luces en los asuntos sobre que tuviere por conveniencia consultarle, *Gaceta*, 12 de febreiro de 1843, núm. 3050, p. 2.

<sup>62</sup> Proposición al Gobierno provisional del Reino del adjunto decreto, creando una junta consultiva del ministerio de Estado, *Gaceta*, 11 de setembro de 1843, núm. 3277, p. 1.

<sup>63</sup> MARTÍNEZ CARDÓS, J.M. e FERNÁNDEZ ESPESO, C., *Primera Secretaría de Estado. Ministerio de Estado, disposiciones orgánicas, 1705-1936*, Madrid, 1972, p. CXLVIII.

### 3.3. Os Ministerios durante a vixencia da Constitución de 1845

Nos anos de vixencia da Constitución de 1845 producíronse cambios considerables nas estruturas ministeriais, o que é entendible tendo en conta a súa lonxevidade. Destacan a creación de novos ministerios e as importantes reformas nalgúns departamentos, entre as que sobresaen as de Bravo Murillo.

En 1845, durante a primeira presidencia de Narváez, o sistema tributario español sufriu unha gran transformación, a reforma Mon-Santillán, que introduciu os principios fiscais do liberalismo e sentou algunhas das bases que incluso rexen actualmente nesta materia. Como é lóxico, a modernización e racionalización da Facenda pública afectou ao Ministerio homónimo, no que, por un Real Decreto de 23 de maio, se introduciron unha nova planta na administración central e unha nova organización na provincial, dispoñendo unha serie de cargos en capitais e partidos aos que lles correspondían tarefas relacionadas co cobro dos tributos<sup>64</sup>. Así, organizouse nunha Secretaría e as Direccións Xerais de Contribucións Directas, de Contribucións Indirectas, de Aduanas e Aranceis, de Loterías e do Tesouro Público. Os resultados da reforma, a pesar das protestas que xerou, foron un éxito, transformando unha Facenda arruinada pola perda das colonias e unha guerra setenaria noutra cun amplo superávit de 11.000.000 de pesetas<sup>65</sup>.

Unha das maiores novidades do período produciuse en 1847, durante o breve goberno de Martínez de Irujo: a creación da Secretaría de Estado e do Despacho de Comercio, Instrucción e Obras Públicas. Foi instaurada nun Real Decreto de 28 de xaneiro<sup>66</sup>, no que se lle incorporaron asuntos como o ensino, as obras públicas ou o comercio, que nese momento se atopaban repartidas entre Gobernación e Mariña. As súas atribucións quedaron fixadas o 5 de febreiro<sup>67</sup> e a súa planta determinouse nos decretos do 18<sup>68</sup> e o 27<sup>69</sup> do mesmo mes, aínda que o seu arquivo non se organizaría até o 12 de setembro<sup>70</sup>.

---

<sup>64</sup> Real Decreto aprobando el plan de administración central y provincial de la Hacienda pública, *Gaceta*, 19 de xuño de 1845, núm. 3931, p. 1.

<sup>65</sup> GARCÍA MADARIA, *Estructura...*, p. 118.

<sup>66</sup> Real Decreto creando un nuevo ministerio con la denominación de Secretaría de Estado y del Despacho de Comercio, Instrucción y Obras públicas, *Gaceta*, 30 de xaneiro de 1847, núm. 4521, p. 1.

<sup>67</sup> Real Decreto estableciendo que el ministerio de Comercio, Instrucción y Obras públicas, creado por Real decreto de 28 de Enero último, abrazará como objeto especial de sus atribuciones los ramos siguientes: Comercio, Instrucción pública, Obras públicas y Agricultura, *Gaceta*, 11 de febreiro de 1847, núm. 4533, p. 1-2.

<sup>68</sup> Real Decreto disponiedo que el ministerio de Comercio, Instrucción y Obras públicas se dividirá en tres direcciones; á saber: Primera, dirección general de Instrucción pública: Segunda, dirección general de Obras

Pouco despois, foi reformado o departamento de Gobernación. Neste senso, un Real Decreto de 5 de febreiro<sup>71</sup> deulle un novo nome, o de Ministerio da Gobernación do Reino (anteriormente era “da Península”), o que veu acompañado do negociado da Gobernación de Ultramar, até o momento parte de Mariña. Este non foi o último cambio, pois a planta mudou en marzo, abril e outubro, mes no que se fixaría unha subsecretaría e catro direccións xerais: de Goberno, de Administración xeral, de Beneficencia, Corrección e Sanidade e de Orzamentos e Contabilidade Municipal e Provincial<sup>72</sup>. Como contrapartida, foron suprimidos os negociados de Correos<sup>73</sup>, Presidios, e Minería<sup>74</sup>, incorporándose os dous últimos ao de Corrección e ao Ministerio de Comercio, Instrucción e Obras Públicas, respectivamente. As novidades de 1847 en Gobernación finalizaron coa concreción das competencias dos seus altos cargos<sup>75</sup>.

O Goberno de Bravo Murillo, a mediados do século, foi prolífico en reformas, tanto relativas á administración en xeral como aos ministerios en particular. Entre as primeiras destaca, por unha banda, o reforzo da figura do gobernador capitán xeral na xestión das colonias, aínda que as decisións na Península quedaron supeditadas á Presidencia do Consello de Ministros co auxilio dunha Dirección xeral propia (quitando os ámbitos de Guerra, Mariña e Facenda) e un órgano consultivo, o Consello de Ultramar<sup>76</sup>. Pola outra, está a introdución, xa en xuño de 1852, dun novo

---

públicas: Tercera, dirección general de Agricultura y Comercio: y más que expresa, *Gaceta*, 20 de febreiro de 1847, núm. 4542, p. 1.

<sup>69</sup> Real decreto resolviendo que en el ministerio de Comercio, Instrucción y Obras públicas haya por ahora tres oficiales de secretaría con destino á la dirección general de Instrucción pública; otros tres para la de Obras públicas; dos para la de Agricultura y Comercio, uno para la subsecretaría, y otro para la contabilidad; y más que se expresa, *Gaceta*, 27 de febreiro de 1847, núm. 4549, p. 1.

<sup>70</sup> Real decreto disponiendo que se creará inmediatamente el archivo general del ministerio de Comercio, Instrucción y Obras públicas y formarán la base del mismo cuantos papeles obran en el de la Gobernación del reino, que por el deslinde de ambos ministerios pertenecen en el día al primero, *Gaceta*, 15 de setembro de 1847, núm. 4749, p. 1.

<sup>71</sup> Real decreto estableciendo que el negociado de la Gobernación de Ultramar, unido actualmente al Ministerio de Marina, corresponderá desde ahora al de la Gobernación de la Península, que se denominará en lo sucesivo Ministerio de la Gobernación del Reino, *Gaceta*, 11 de febreiro de 1847, núm. 4533, p. 1.

<sup>72</sup> Real decreto dando una nueva organización al ministerio de la Gobernación del Reino, y nombrando los oficiales para los respectivos negociados, *Gaceta*, 21 de outubro de 1847, núm. 4785, p. 1.

<sup>73</sup> Real decreto suprimiendo la dirección general de Correos, *Gaceta*, 13 de xullo de 1847, núm. 4685, p. 1.

<sup>74</sup> Real decreto mandando que el ministerio de Comercio, Instrucción y Obras públicas conozca y resuelva en todos los negocios de minería, *Gaceta*, 13 de decembro de 1847, núm. 4838, p. 1.

<sup>75</sup> Real decreto disponiendo las funciones que son reservadas al despacho del Ministro, *Gaceta*, 7 de novembro de 1847, núm. 4802, p. 1.

<sup>76</sup> Real decreto disponiendo se despachen por la Presidencia del Consejo de Ministros todos los negocios concernientes á las posesiones de Ultramar, excepto los que corresponden á los Ministerios de Hacienda, Guerra y Marina que continuarán despachándose por los mismos Ministerios; e Real decreto creando en la Presidencia del Consejo de Ministros una Dirección general con la denominación de Ultramar, *Gaceta*, 1 de outubro de 1851, núm. 6288, pp. 1-2.

régime para os empregados do Estado, unha das innovacións administrativas máis decisivas do século, e que, loxicamente, tamén afectou o persoal ministerial<sup>77</sup>.

No Ministerio de Facenda xa se produciran máis transformacións en 1850. Así, en xaneiro creouse a Dirección Xeral do Contencioso<sup>78</sup>, que tiña entre as súas funcións a emisión de ditames sobre os negocios que versaban sobre Dereito civil, común ou administrativo, así como sobre o exercicio de accións ante os tribunais. Pouco despois, en xuño, recibía unha nova planta ao tempo que quedaban fixadas as atribucións do subsecretario e das súas oito direccións xerais, o que supuxo a supresión da de Loterías e a creación das de Contabilidade, de Rendas Estancadas e de Fincas do Estado<sup>79</sup>. Ademais, outro cambio que afectou este departamento, mais xa en 1851, foi a supresión no seu seo das *Pagadurías* xerais e particulares dos Ministerios, de forma que os pagamentos das súas obrigas debían ser executadas polo Tesouro público<sup>80</sup>.

Tamén en 1851, o Ministerio de Comercio, Instrución e Obras Públicas, tras certas mudanzas nas atribucións, pasou a denominarse “de Fomento”<sup>81</sup>, recuperando o nome que outrora tivera Gobernación. Así, recibiu os negociados de camiños veciñais e de construción de torres telegráficas, mais perdeu a materia da instrución pública, que pasou a Graza e Xustiza exceptuando as escolas especiais.

En decembro de 1851 foi introducida no Ministerio de Estado unha nova planta fixando os cargos dun subsecretario, tres Xefes de sección e un xefe de Chancellería<sup>82</sup>. O anterior quedou consolidado co Regulamento Interior aprobado o 12 de xaneiro do ano seguinte, que detallaba o funcionamento da Secretaría<sup>83</sup>. Este grupo de reformas rematou coa creación dunha Xunta

---

<sup>77</sup> Real decreto disponiendo que los empleados de la Administración activa del Estado, salvo las excepciones que se expresan, se dividirán en las siguientes categorías, *Gaceta*, 20 de xuño de 1852, núm. 6572, pp. 1-2

<sup>78</sup> Real decreto estableciendo una nueva Dirección á las inmediatas órdenes y bajo la dependencia del Ministro de Hacienda con el título de Dirección general de lo contencioso, *Gaceta*, 1 de xaneiro de 1850, núm. 5633, p. 3.

<sup>79</sup> Real decreto explicando el verdadero carácter con que deben ser considerados en el Ministerio de Hacienda los Directores generales que acuerdan el despacho de los negocios con el Ministro, *Gaceta*, 27 de xuño de 1850, núm. 5810, p. 1.

<sup>80</sup> Real decreto para que desde 1.º de Julio próximo se ejecute por las dependencias del Tesoro público, el pago de todas las obligaciones de los diferentes Ministerios, *Gaceta*, 15 de maio de 1851, núm. 6149, pp. 1-2.

<sup>81</sup> Real decreto creando un Ministerio de Fomento en lugar del de Comercio, Instrucción y Obras públicas, y agregando al de Gracia y Justicia la Dirección General de Instrucción Pública, *Gaceta*, 21 de outubro de 1851, núm. 6308, p. 1.

<sup>82</sup> Real decreto disponiendo que los negocios de la primera Secretaría del Despacho de Estado estarán á cargo de un Subsecretario, de tres Jefes de sección, y de un Jefe de Cancillería, *Gaceta*, 18 de decembro de 1851, núm. 6366, p. 1.

<sup>83</sup> RAMÍREZ JIMÉNEZ, D., «La Cancillería de la Primera Secretaría de Estado y del Despacho Española – Ministerio de Estado, durante el reinado de Isabel II (1833-1868): Introducción a su estudio», en *Documenta & Instrumenta*, 9 (2011), pp. 61-73.

Consultiva de Departamento en outubro<sup>84</sup>, órgano encargado de apoiar o Secretario emitindo ditames sobre os expedientes e asuntos que este último lle sometese. Así quedou conformado o esquema que conservou Estado durante o resto do reinado de Isabel II.

As reformas do Goberno de Bravo Murillo non deixaron intacto Gobernación, posto que en xuño de 1851 foi suprimida a súa Dirección de Goberno e incorporados os seus negocios á Subsecretaría, ao tempo que se concretaron de novo as competencias do subsecretario e os directores xerais<sup>85</sup>. Non obstante, a súa situación volveu cambiar cun Real Decreto de 14 de maio de 1852 que o organizaba nunha Subsecretaría, dividida á súa vez en dúas Seccións, e cinco Direccións Xerais: de Administración Local, de Correos, de Beneficencia, de Establecementos Penais e de Contabilidade e Ordenación Xeral de Pagos<sup>86</sup>.

A partir da dimisión de Bravo Murillo en decembro de 1852 producíronse en España importantes convulsións políticas, entre outras causas, pola tendencia dos gobernos moderados a gobernar por decreto, o que ía contra a Constitución, e a reorganización das forzas progresistas. O resultado foi a Vicalvarada de 1854, unha revolución que retornou o poder a esta última facción durante os dous anos seguintes, etapa na que incluso intentaron promulgar unha nova carta magna. Non obstante a inestabilidade, os Ministerios non sufriron grandes reorganizacións, máis si hai algúns cambios que cómpre salientar.

En primeiro lugar, o 29 de decembro de 1854 suprimíronse dúas Direccións dependentes de Facenda, a de casas de moeda, minas e fincas do Estado, cuxas materias foron repartidas entre a de Loterías e a de Rendas Estancadas<sup>87</sup>; e a do Contencioso, que foi substituída pola do Tesouro e por unha Asesoría xeral de nova creación<sup>88</sup>. Por outra parte, en Estado suprimiuse a figura do subsecretario en 1855<sup>89</sup>, mais só para ser restabelecida pouco máis dun ano despois<sup>90</sup>. Noutra orde

---

<sup>84</sup> Real decreto determinando que el Subsecretario y los Jefes de sección del Ministerio de Estado, bajo la presidencia del primero, formen una junta que se denominará Junta consultiva de Estado, *Gaceta*, 17 de outubro de 1852, núm. 6691, p. 1.

<sup>85</sup> Real decreto suprimiendo la Dirección de Gobierno del Ministerio de la Gobernación del Reino, y acordando que los negocios pertenecientes á la misma se agreguen á la Subsecretaría del mismo Ministerio, *Gaceta*, 14 de xuño de 1851, núm. 6179, p. 1.

<sup>86</sup> Real decreto aprobando la nueva organización del Ministerio de la Gobernación, *Gaceta*, 17 de maio de 1852, núm. 6538, p. 1.

<sup>87</sup> Real decreto suprimiendo la Dirección general de casas de moneda, minas y fincas del Estado, *Gaceta*, 31 de decembro de 1854, núm. 729, p. 1.

<sup>88</sup> Real decreto suprimiendo la Dirección general de lo Contencioso de la Hacienda pública, despachándose en lo sucesivo los negocios relativos al reconocimiento y pago de las cargas de justicia del Tesoro por la Dirección general del mismo, y creándose una Asesoría general del Ministerio de Hacienda, *Ibid.*

<sup>89</sup> Real decreto suprimiendo la plaza de Subsecretario del Ministerio de Estado, *Gaceta*, 26 de xaneiro de 1855, núm. 755, p. 1.

<sup>90</sup> Real decreto restableciendo el cargo de Subsecretario del Ministro de Estado, *Gaceta*, 5 de marzo de 1856, núm. 1157, p. 1.

de cousas, Fomento recuperou en xuño do mesmo ano a materia da instrución pública<sup>91</sup>, que fora agregada a Graza e Xustiza un cuatrienio antes. Por último, o Real Decreto de 17 de maio de 1854 supeditou tódolos negocios de Ultramar, a excepción dos de Guerra, Estado e Mariña, á Presidencia do Consello de Ministros, pero de forma máis intensa e en detrimento dos poderes dos que gozaban os Gobernadores Capitáns Xerais<sup>92</sup>. Con todo, a Dirección Xeral de Ultramar non permaneceu neste departamento moito máis, xa que pouco despois pasou a Estado<sup>93</sup>, en 1856 disolveuse<sup>94</sup>, foi reintroducida brevemente en Fomento<sup>95</sup> e rematou retornando a Estado<sup>96</sup> até que, finalmente, en 1858 quedou integrada en Guerra<sup>97</sup>.

Cara o final da década, Gobernación foi obxecto de varias reorganizacións internas. Así, en novembro de 1857 foron disoltas as Direccións Xerais de Goberno, de Administración e Beneficencia e de Sanidade<sup>98</sup>, mais quedaban restabelecidas en abril do ano seguinte<sup>99</sup>. Unha Dirección de Seguridade e Orde Pública existiu entre marzo<sup>100</sup> e outubro de 1858, momento no que se incorporaron as súas competencias á de Goberno<sup>101</sup>. A situación mantívose deste xeito até que o Real Decreto de 5 de setembro de 1860 suprimiu esta última, dispuxo que a de Administración Local atendese só os negocios de vilas e provincias e creou as seccións de Orde Pública e de Construcións Civís<sup>102</sup>.

---

<sup>91</sup> Real decreto mandando que los negocios de Instrucción pública pasen al Ministerio de Fomento, así como la Dirección y Consejo con sus dependencias en lo personal y material, *Gaceta*, 21 de xuño de 1855, núm. 901, p. 1.

<sup>92</sup> Real decreto mandando que todos los negocios concernientes á las provincias de Ultramar, á excepción de los que corresponden á los Ministerios de Guerra, Estado y Marina, se despachen por la Presidencia del Consejo de Ministros, *Gaceta*, 19 de maio de 1854, núm. 504, p. 1.

<sup>93</sup> Real decreto nombrando Ministro de Estado y encargado del despacho de la Dirección de Ultramar á D. Joaquín Francisco Pacheco, *Gaceta*, 31 de xullo de 1854, núm. 576, p. 1.

<sup>94</sup> Real decreto suprimiendo la Dirección de Ultramar, pasando los negocios que están á su cargo á los respectivos Ministerios, *Gaceta*, 31 de maio de 1856, núm. 1244, p. 1.

<sup>95</sup> Real decreto restableciendo la Dirección de Ultramar en la misma forma que existía antes de 30 de Mayo último, y agregando esta dependencia al Ministerio de Fomento, *Gaceta*, 17 de xullo de 1856, núm. 1291, p. 1.

<sup>96</sup> Reales decretos nombrando Ministro de Estado y de Ultramar á D. Pedro José Pidal; de Gracia y Justicia á D. Manuel de Seijas Lozano; de la Guerra á D. Antonio Urbistondo; de Hacienda á D. Manuel García Barzanallana; de Marina á D. Francisco de Lersundi; de Gobernación á D. Cándido Necedal, y de Fomento á D. Claudio Moyano Samaniego, *Gaceta*, 13 de outubro de 1856, núm. 1379, p. 1.

<sup>97</sup> Real decreto nombrando Presidente del Consejo de Ministros y Ministro de la Guerra y de Ultramar á D. Leopoldo O'Donnell, Conde de Lucena, Senador del Reino, *Gaceta*, 1 de xullo de 1858, núm. 182, p. 1.

<sup>98</sup> Reales decretos reorganizando la Secretaría del Ministerio con los ceses y nombramientos que se citan, *Gaceta*, 7 de novembro de 1857, núm. 1768, p. 1.

<sup>99</sup> Real decreto por el que se restablecen las Direcciones general de Administración, Gobierno y Beneficencia y Sanidad, *Gaceta*, 10 de abril de 1858, núm. 100, p. 1.

<sup>100</sup> Real decreto organizando en el Ministerio de la Gobernación, una Dirección general de Seguridad y de orden público, *Gaceta*, 26 de marzo de 1858, núm. 85, p. 1.

<sup>101</sup> Real decreto suprimiendo la Dirección general de Seguridad y Orden público creada en el Ministerio de la Gobernación por mi Real decreto de 24 de Marzo último, *Gaceta*, 28 de outubro de 1858, núm. 301, p. 1.

<sup>102</sup> Real decreto suprimiendo la Dirección general de Gobierno, y creando dos Secciones en el Ministerio de la Gobernación, con lo más que expresa, *Gaceta*, 6 de setembro de 1860, núm. 250, p. 1.

As vacilacións en torno á competencia sobre o goberno das posesións coloniais remataron na última gran innovación en canto ás estruturas ministeriais do reinado de Isabel II, xa durante a súa crise final: a recuperación dun Ministerio de Ultramar. No terceiro Goberno de O'Donnell, os asuntos ultramarinos despacháronse brevemente a través da Presidencia do Consello de Ministros, xa que o xeneral tamén concentrou a carteira de Guerra de xaneiro a marzo de 1863<sup>103</sup>. Isto cambiou tralo ascenso ao poder do marqués de Miraflores, posto que, xunto á presidencia, desempeñou o goberno das colonias durante uns meses<sup>104</sup>. Pouco despois foi creado, por Real Decreto de 20 de maio, o novo Ministerio de Ultramar, separando a administración destes dominios da do resto de España (excepto nas materias que até o momento desempeñaban Guerra, Estado e Mariña)<sup>105</sup>. No momento da súa institución, suscitou críticas na prensa, mais o departamento mantívose 35 anos, até o Desastre do 98 e a perda territorial que supuxo.

As derradeiras reformas destacadas no período de vixencia da Constitución de 1845 producíronse nos Ministerios de Facenda e de Gobernación. No primeiro, a raíz do Real Decreto de 1 de marzo de 1865, suprimiuse a Dirección Xeral de Consumos, Casas de Moedas e Minas (que fora creada de novo en 1858<sup>106</sup>) e repartíronse estes tres asuntos entre a de Impostos Indirectos, que naceu ao mesmo tempo coa refundición da de Aduanas e Aranceis; a do Tesouro e a de Propiedades, respectivamente<sup>107</sup>. En Gobernación, o 31 de xaneiro do mesmo ano creáronse as Direccións de Beneficencia e de Sanidade, dividindo a que anteriormente englobaba ambos asuntos<sup>108</sup>. Con todo, unha reorganización en 1866 estableceu cinco Direccións<sup>109</sup> até que, escasos meses antes da Gloriosa, o Real Decreto de 18 de xullo de 1868 introduciu unha nova planta con tres: Administración, que englobaba a beneficencia, a sanidade e as construcións cívicas; Política, que se

---

<sup>103</sup> Reales decretos admitiendo á D. Leopoldo O'Donnell la dimisión del cargo de Presidente del Consejo de Ministros y Ministro de la Guerra y de Ultramar, y nombrándole Presidente del Consejo de Ministros y Ministro de Ultramar, *Gaceta*, 20 de xaneiro de 1863, núm. 20, p. 1.

<sup>104</sup> Real decreto disponiendo que el Marqués de Miraflores se encargue del despacho del Ministerio de Ultramar, *Gaceta*, 4 de marzo de 1863, núm. 63, p. 1.

<sup>105</sup> Real decreto creando un nuevo Ministerio con la denominación de Ministerio de Ultramar y señalando sus atribuciones, *Gaceta*, 21 de maio de 1863, núm. 141, p. 1.

<sup>106</sup> Real decreto creando una Dirección general de Consumos, Casas de Moneda y Minas, á cuyo cargo correrán los expresados ramos, dependientes de las de Contribuciones y Loterías, *Gaceta*, 4 de xaneiro de 1858, núm. 4, p. 1.

<sup>107</sup> Real decreto suprimiendo la Dirección general de Consumos, Casas de Moneda y Minas, con lo más que expresa, *Gaceta*, 2 de marzo de 1865, núm. 61, p. 1.

<sup>108</sup> Real decreto creando en el Ministerio de la Gobernación una Dirección de Beneficencia y otra de Sanidad en equivalencia de la de Beneficencia y Sanidad que hoy existe, *Gaceta*, 2 de febreiro de 1865, núm. 33, p. 1.

<sup>109</sup> Real decreto reformando la planta de Secretaría del Ministerio de la Gobernación, *Gaceta*, 25 de xullo de 1866, núm. 206, p. 1.

ocupaba de todo o relativo á orde pública, os asuntos electorais e os dos establecementos penais; e Correos e Telégrafos<sup>110</sup>.

---

<sup>110</sup> Real decreto reorganizando la planta del Ministerio de la Gobernación, *Gaceta*, 27 de xullo de 1868, núm. 204, pp. 1-3.

# Terceiro Capítulo: Atribucións Ministeriais

## 1. Atribucións dos Ministerios xosefistas

Como se sinalou no segundo capítulo deste traballo, as atribucións dos ministerios xosefistas recóllense no Decreto de 6 de febreiro de 1809<sup>111</sup>.

En primeiro lugar, o Ministerio de Xustiza tiña ao seu cargo a correspondencia con tódalas Audiencias e Tribunais de Xustiza. Alén disto, atribuíanselle a proposición dos xuíces e ministros de xustiza que despois nomearía o rei, os proxectos sobre a organización dos tribunais e a interpretación das leis, o pase destas normas e a súa dirección de oficio aos Ministros, Audiencias e Tribunais de Xustiza; e os libramentos para autorizar os gastos do Poder Xudicial.

Ao Ministerio de Negocios Eclesiásticos correspondíalle unha ampla gama de facultades, mais, ante todo, os proxectos relativos ao exercicio da Relixión. Así, examinaba os rescritos, bulas e breves do Papa antes da súa publicación, expedía os regulamentos e ordes para o pago dos ministros de culto, demarcaba e axudaba as parroquias e ocupábase de seminarios, comunidades relixiosas e casas de caridade. Loxicamente, propoñía e facía cumprir todas as provisións relativas ás leis, decretos e decisións sobre o culto, e informaba o rei do concernente á disciplina eclesiástica e á policía de culto. Por último, o Ministerio tamén se facía cargo das fábricas da Igrexa, da aceptación das fundacións e obras pías, das ordenacións e das precedencias e temporalidades nas igrexas. Estas amplas prerrogativas denotan o obxectivo, seguindo a política de Napoleón en Francia, de someter o clero, o que foi imposible debido ao poder económico da Igrexa en España.

O Ministerio de Negocios Estranxeiros tiña atribuída a observancia e execución das convencións e tratados coas nacións aliadas, a proposta dos embaixadores e outros axentes diplomáticos, a correspondencia cos das potencias estranxeiras e o informe de todo o relativo ás presas marítimas. Curiosamente, tamén se lle atribuíu a expedición dos pasaportes, posto que esta

---

<sup>111</sup> *Vid.* nota 20.

potestade non era atribuída aínda á carteira de Interior. Ademais, como é de esperar, arranxaba todo o relativo ás potencias estranxeiras.

O Ministerio do Interior é unha das novidades máis importantes que introduciu o réxime xosefista. As súas atribucións eran amplísimas e abranguían accións moi diversas, desde a construción de camiños até a xestión dos presidios. As máis importantes son a administración central do Estado, a presentación dos candidatos para seren empregados polo aparato administrativo civil, a proposición de leis, decretos e regulamentos sobre as prisións, o comercio e a industria, a instrución pública e a limitación das provincias e concellos. Debido á súa extensión, é lóxico que tivese tamén unha gran cantidade de dependencias dispares entre as que, a título exemplificativo e debido á súa fama, se poden amentar as Reais Academias, as Universidades de Alcalá de Henares, Salamanca e Valladolid ou o Arquivo de Simancas.

O Ministerio de Facenda debía ocuparse da correspondencia, fixación, repartimento e cobranza das contribucións, da administración das caixas públicas, da proposta e nomeamento dos axentes de cobranzas e axentes do Tesouro, da xestión das rendas reais, do pago da débeda pública, das pensións e dos soldos; da dirección do Tesouro Público, da autorización do pago dos libramentos expedidos por cada ministro sobre a Tesourería e das dilixencias para cobrar os fondos do Tesouro. Do mesmo xeito, dependían del unha ampla gama de organismos, de entre os que hai que destacar a Dirección do Tesouro Público, a Dirección Xeral de Bens Nacionais e a Comisaría Xeral da Cruzada.

O Ministerio da Guerra tiña atribuídas amplas funcións dentro do aparato militar do Estado. Deste xeito, facíase cargo do relativo aos exércitos de terra: a súa organización, administración e inspección; o persoal e material de tódalas armas e clases; as súas subsistencias e provisións e a fortificación das prazas e fabricación de materiais de guerra. Alén disto, xestionaba os colexios, escolas e establecementos militares, e propoñía proxectos de leis, decretos e regulamentos relativos a asuntos dentro da súa competencia, como os nomeamentos, as promocións, a administración militar, as penas e os castigos ou a conservación e cambio de prisioneiros.

Moi similar ao anterior, pero nas augas, as atribucións do Ministerio de Mariña englobaban vixiar o cumprimento das ordenanzas para o mantemento dos medios formais e materiais de armar as escuadras e buques de guerra, informar ao rei da situación da armada, examinar os orzamentos dos gastos das obras nos arsenais ou na construción de naves e subministrar de fondos nas épocas e paraxes necesarias. Tamén debía facer cumprir as resolucións reais en tódolos ramos das Mariñas militar e civil, expedir as patentes desta última, concertar as contratas xerais de víveres e hospitais

da Mariña e fomentar as fábricas particulares de materiais navais. De tódolos xeitos, foi disolto en 1812 e as súas atribucións pasaron ao de Guerra<sup>112</sup>.

O Ministerio de Indias tiña por obxecto a gobernación universal dos territorios en América e Asia, mais debía de proceder de acordo cos de Guerra e Mariña para levar a cabo accións concernentes ás súas competencias. Porén, na práctica non puido exercer as súas atribucións plenamente, posto que as colonias, lonxe de aliñarse co réxime napoleónico, permaneceron fieis a Fernando VII ou directamente comezaron os procesos que nos anos seguintes culminarían na súa emancipación.

Finalmente, o Ministerio da Policía Xeral, experiencia innovadora na Administración española, tiña como obxectivo primordial a seguridade xeral do Estado e o mantemento da orde pública. Para ilo, podía dispoñer regulamentos e outras medidas que se considerasen necesarias, ocupábase do réxime dos pasaportes, aseguraba a execución das súas propias disposicións e estaba encargado das prisións e a censura.

## 2. O Ministerio de Estado

Ao longo do transcurso do século XIX, a Secretaría ou Ministerio de Estado desempeñou un importante papel non só na súa área, a política diplomática, senón tamén no Goberno. De feito, durante os períodos constitucionais até mediados de século, cando remata de deslindarse propiamente a figura do presidente do Consello de Ministros, eran os de Estado os que exercían esta posición. Con todo, o anterior non impediu que sufrise de certas deficiencias estruturais, como a falta de especialización dalgúns titulares ou a incoordinación coa política doutros departamentos<sup>113</sup>.

Durante os períodos de vixencia da Constitución gaditana, foi o Decreto de 6 de abril de 1812<sup>114</sup> o que marcou parcamente a función da Secretaría do Despacho de Estado: o despacho dos asuntos diplomáticos que puidesen ocorrer con potencias estranxeiras, así como os seus ministros e

---

<sup>112</sup> MERCADER RIBA, J., *José Bonaparte Rey de España: 1808-1813: Estructura del Estado Español Bonapartista*, Madrid, 1983, p. 101.

<sup>113</sup> SANZ DÍAZ, C., «Del Ministerio de Estado al Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación: el Palacio de Santa Cruz en la política exterior española de los siglos XX y XXI», en HERNÁNDEZ RUIZ, M., BENEYTO PÉREZ, J.M., PEREIRA CASTAÑARES, J.C. (ed.), *Historia de la política exterior española en los siglos XX y XXI*, Madrid, 2016, pp. 299-336.

<sup>114</sup> *Vid.* nota 27.

axentes en España. Ademais, nomeaba os embaixadores, ministros e cónsules no estranxeiro, e encargábase da correspondencia con outros Estados.

Coa reversión á situación anterior a 1808 que supuxo o retorno de Fernando VII en 1814, as atribucións da Secretaría do Despacho de Estado volveron estar marcadas por un Real Decreto ditado en maio de 1754 por Fernando VI<sup>115</sup>, o que supuxo un aumento notable. Así, agregáronse o asinamento de tratados, as representacións, queixas e pretensións dos individuos que non eran súbditos do rei, ou de representantes estranxeiros; a correspondencia cos membros da Familia Real; a superintendencia xeral de Correos; e o coidado e conservación de institucións como os arquivos xerais, os Sitios Reais, Bosques e Alcázares e a Real Canle do Jarama. Ademais, tamén se encargaba de todo o referente á concesión, habilitación ou declaración das clases das Grandezas de España, das Academias e da Orde do Vélaro de Ouro. Como se observa, englobaba materias que ían máis aló da diplomacia, unha característica que non se mantivo co paso do tempo. Incluso durante o absolutismo, a creación da Secretaría de Fomento supuxo para Estado a perda de atribucións como os correos, os arquivos ou as Reais Academias.

Após o motín dos Sarxentos en 1836, a Secretaría de Estado quedou configurada como no período gaditano, é dicir, dedicada ás materias relativas á política diplomática, polo que a concesión das Grandezas de España e do Vélaro de Ouro, como mercés que eran, pasaron a Graza e Xustiza. Ademais, cómpre destacar dúas variacións importantes no reinado de Isabel II. En primeiro lugar, está a incorporación da Secretaría de Interpretación de Linguas, que acabaría por converterse na chancelaría do departamento a mediados do século<sup>116</sup>. As atribucións desta entidade, desde a tradución de documentos até a elaboración de tratados, atestan a crecente necesidade de oficinas especializadas na área das relacións diplomáticas durante este período<sup>117</sup>. En segundo lugar, hai que sinalar que a Dirección Xeral de Ultramar, coas súas atribucións sobre as colonias, formou parte de Estado entre 1854 e 1858, salvando un breve paréntese en 1856.

### 3. O Ministerio de Graza e Xustiza

O departamento de Graza e Xustiza, consolidado xa desde o sistema de cinco Secretarías, reuniu ao longo do século XIX tres grandes áreas competenciais: os asuntos referentes á

---

<sup>115</sup> Cito por *Novísima Recopilación de las Leyes de España*, ed. BOE, L. III, T. II, I. VII.

<sup>116</sup> RAMÍREZ JIMÉNEZ, D., «La cancillería...», en *D&I*, pp. 61-73.

<sup>117</sup> RAMÍREZ JIMÉNEZ, D., «El personal del Ministerio de Estado durante el reinado de Isabel II (1833-1868)», en *Hidalguía: la revista de genealogía, nobleza y armas*, núm. 360 (2013), pp. 643-686.

administración de Xustiza, as relacións coa Igrexa e a concesión de grazas. É necesario salientar que, de xeito extraoficial, este departamento serviu ao Goberno como ferramenta de subordinación do Poder Xudicial, o que, incluso despois do triunfo do liberalismo, se traduciu no incumprimento sistemático dos principios constitucionais e na continuación dun proceso burocratizador cuxo inicio se atopa nos anos postremos do absolutismo<sup>118</sup>. O control ideolóxico do Ministerio centrouse nas funcións extraprocesuais dos xulgadores, especialmente as electorais, provocando a desatención da administración de xustiza propiamente dita<sup>119</sup>.

En primeiro lugar, a Secretaría do Despacho de Graza e Xustiza do período gaditano<sup>120</sup> corría con tódolos nomeamentos feitos polo rei ou a rexencia para bispados, prebendas, beneficios eclesiásticos e para as prazas de xudicatura e maxistratura. Ademais, os nomeamentos dos Conselleiros de Estado facíanse saber a través deste departamento, igual que as resolucións do monarca sobre asuntos de cerimonia e etiqueta ou que non correspondían a outra Secretaría. As funcións máis importantes eran as relativas á recta administración de Xustiza, posto que as ordes e resolucións dirixidas a este cometido eran comunicadas por Graza e Xustiza, así como as que versaban sobre asuntos do Real padroado, a policía superior eclesiástica e os establecementos dos Regulares, dentro dos poderes da suprema inspección económica do rei. Para pechar este catálogo de prerrogativas, despachaba as mercés e grazas do soberano, como a do Vélaro de Ouro ou as Grandezas de España, e, como é lóxico, proveía tódolos empregos correspondentes ao propio Ministerio.

Esta configuración sufriu algunhas mudanzas destacables durante os reinados de Fernando VII e Isabel II. Primeiramente, o regreso do absolutismo supuxo un aumento no poder da Secretaría de Graza e Xustiza<sup>121</sup>, xa que se lle asignaron a provisión de tódolos *corregimientos* (unha das divisións administrativas anteriores á provincia) non destinados a Guerra e Facenda, o establecemento de Seminarios, a instrución de Colexios, a conservación das Regalías da Coroa, a manutención dos templos e os edificios relixiosos e a provisión de empregos nas Casas Reais. Coa restitución do constitucionalismo en 1836, volveu limitarse á administración da Xustiza e ás relacións coa Igrexa. A excepción foi o período entre 1851 e 1855, no que se engadiu a Dirección de Instrución

---

<sup>118</sup> DELGADO del RINCÓN, L.E., «La configuración de la administración de justicia como parte de la administración pública durante el siglo XIX español (análisis de algunos aspectos que influyeron en el proceso de burocratización)», en GIL CREMADES, J.J., NAGORE LAÍN, F., SEOANE VACAS, C., VICENTE y GUERRERO, G. (ed.), *La configuración jurídico política del estado liberal en España: actas del Congreso en conmemoración del segundo centenario del nacimiento de Alejandro Oliván (1796-1996)*, Huesca, 1996, pp. 75-88.

<sup>119</sup> ORTEGO GIL, P., «Breves reflexiones sobre la división de poderes y la administración de justicia en España durante el siglo XIX», en *Historia constitucional: Revista Electrónica de Historia Constitucional*, núm. 20 (2019), pp. 499-544.

<sup>120</sup> Vid. nota 27.

<sup>121</sup> Vid. nota 115.

xeral<sup>122</sup>. Como consecuencia, do Ministerio dependeu a organización do sistema de ensino, desde a primaria á universitaria, mais salvando as escolas e academias de carácter especial, como as de enxeñaría, arquitectura ou comercio, que permaneceron en Fomento.

## 4. O Ministerio de Facenda

A Secretaría de Facenda é indisociable da recadación dos tributos, o pagamento dos gastos e a administración de certos bens estatais e entidades clave para a política monetaria e económica, cometidos que foi conservando durante a súa historia, con alteracións só no modo de levalos a cabo. Esta estabilidade non diminuíu o seu valor na construción do Estado, como denotan as pugnas políticas por dominalo, o que resultou na proliferación do clientelismo entre os seus empregados<sup>123</sup>.

O Decreto de 6 de abril de 1812<sup>124</sup> outorgaba á Secretaría do Despacho de Facenda unha ampla serie de funcións, entre as que destacaba o ingreso e o gasto do erario público, é dicir, o cobro e investimento dos tributos decretados polas Cortes. Ademais debía xestionar as casas da moeda, así como conter o contrabando por terra e mar vixiando as oficinas xerais e particulares de conta e razón e administrando a facenda pública, coidando o cumprimento das normas. Outras das súas atribucións eran a atención dos bens pertencentes ao Estado e dos Mestrados e Encomendas das Ordes Militares e as dos Infantes, a xestión do comercio marítimo e o nomeamento dos empregados da Secretaría.

O restabelecemento do absolutismo en 1814 non comportou unha mudanza drástica, aínda que cómpre sinalar que se engadiron ás atribucións da Secretaría a dirección das fábricas e da Real Facenda (a entidade a través da que se xestionaban os gastos durante o Antigo Réxime, entre outras funcións), e a proposición de intendentos, contadorías e tesourerías de exército e de provincia (de acordo con Guerra no caso dos primeiros), e de *corregidores* de capital de provincia<sup>125</sup>.

As funcións regresaron ao esquema gaditano co triunfo do constitucionalismo en 1836. Durante as décadas subsecuentes, Facenda tivo un papel destacado, posto que serviu como punta de lanza da introdución dos principios económicos e fiscais do liberalismo, de xeito que foi un dos protagonistas de feitos como as desamortizacións ou a fundamental reforma tributaria de 1845.

---

<sup>122</sup> Vid. notas 81 e 91.

<sup>123</sup> PAN-MONTOJO, J., «El Estado según los altos funcionarios de la Hacienda Española, 1881-1936», en *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, núm. 36 (2016), pp. 75-101.

<sup>124</sup> Vid. nota 27.

<sup>125</sup> *Novísima Recopilación de las Leyes de España*, L. III, T. II, l. X.

Quizais debido a este motivo, non foi obxecto de grandes varianzas de atribucións durante o reinado de Isabel II, malia as importantes innovacións no sistema fiscal español.

## 5. O Ministerio de Guerra

O Ministerio de Guerra tiña ao seu cargo todo o atinente á organización e administración dos exércitos de terra, funcións que non sufriron transformacións radicais. Así, este departamento desempeñaba o goberno dunhas forzas armadas que puxaban pola súa autonomía e tiveron unha importancia destacada ao longo do século, fose intervindo nas guerras civís, nos conflitos coloniais ou directamente na vida política.

A Secretaría do Despacho da Guerra gaditana<sup>126</sup> tiña as funcións de prover de empregos militares seguindo a ordenanza, incluídos os de facenda do exército, até que as Cortes dispuxesen un arranxo máis conveniente para as forzas armadas. Con todo, quedaba excluído explicitamente o despacho de preitos, procesos e expedientes cuxo coñecemento correspondía ao tribunal que atendía os asuntos do foro militar. Agora ben, Guerra si se encargaba das consultas que debían facerse ao rei sobre sumarias e procesos militares, mentres as Cortes non variasen noutro senso a ordenanza do exército.

O Decreto de 24 de maio de 1755<sup>127</sup> era moi concreto en canto ás funcións da Secretaría de Guerra absolutista, que contaba con máis prerrogativas no ámbito castrense. A título exemplificativo, poden amentarse a correspondencia do rei cos mandos militares, a conservación, aumento ou diminución de tropas, a organización das instalacións e institucións militares, a provisión das prazas para os cargos do exército ou a formación dos orzamentos das forzas terrestres (que debían ser aprobados por Facenda). O derradeiro cambio antes da aprobación do Estatuto Real foi derivado da instauración de Fomento, posto que lle foron asignados os alistamentos, sorteos e levas para o Exército, incluso se Guerra debía seguir intervindo no proceso.

Durante o reinado de Isabel II, os poderes do Ministerio foron moi similares aos de 1812, e permaneceron estables a pesar das grandes transformacións na organización interna<sup>128</sup>. O cambio

---

<sup>126</sup> Vid. nota 27.

<sup>127</sup> *Novísima Recopilación de las Leyes de España*, L. III, T. II, l. XI.

<sup>128</sup> HERMOSO de MENDOZA y BAZTÁN, M.T., «El Ministerio de la Guerra: Orígenes y evolución en el siglo XIX», en *Boletín de la ANABAD*, núm. 2 (2003), pp. 9-22.

de funcións máis destacado foi a incorporación da Dirección Xeral de Ultramar<sup>129</sup>, coa competencia sobre o goberno colonial, de 1858 até 1863, poucos meses antes da creación do Ministerio homónimo.

## 6. O Ministerio de Mariña

A Secretaría de Mariña encargouse principalmente, ao longo da súa historia, da xestión da Armada, o que non impediu que materias sobre o comercio marítimo, a mariña civil ou a gobernación das posesións de ultramar tamén lle fosen asignadas en certos períodos. De tódolos xeitos, a súa historia no século XIX veu moi marcada pola decadencia do poderío español nos mares<sup>130</sup>.

A Secretaría de Despacho de Mariña do período gaditano, segundo o Decreto de 6 de abril de 1812<sup>131</sup>, entendía de todo o correspondente aos diversos ramos da Mariña, polo que dela dependían as ordes e resolucións necesarias para a súa mellora e fomento, así como a provisión dos seus empregos, grados e mandos. Porén, de forma similar ao que ocorría coa Secretaría da Guerra, os expedientes contenciosos relativos a individuos da Mariña debían determinarse polo tribunal que coñecía dos xuízos e causas do foro militar, mais o Ministerio si se ocupaba das consultas que debían facerse ao rei sobre sumarias e procesos contra suxeitos da Armada.

Durante os subsecuentes períodos absolutistas, as prerrogativas sobre a Armada apenas cambiaron. A reforma que cómpre salientar é a supresión do departamento de Indias en 1815<sup>132</sup>, xa que se agregaron ao de Mariña as funcións sobre a gobernación das colonias, como a construción e navegación dos buques mercantís ou a provisión e fabricación de armas e municións para os dominios americanos, entre outras. Con todo, a creación do Ministerio de Fomento significou a retirada de moitas destas materias, entre as que se achaban a conservación dos montes ou o goberno de certas institucións (por exemplo, o Real Instituto Asturiano)<sup>133</sup>.

Tralo restabelecemento da orde constitucional, Mariña recibiu en 1836, como parte das reformas progresistas, os ramos de comercio xeral e os que pertencían á Gobernación de

---

<sup>129</sup> Vid. nota 97.

<sup>130</sup> BENITO GARCÍA, M.A., «El Ministerio de Marina: Orígenes y evolución en el siglo XIX», en *Boletín de la ANABAD*, núm. 2 (2003), pp. 23-48.

<sup>131</sup> Vid. nota 27.

<sup>132</sup> Vid. nota 30.

<sup>133</sup> Vid. nota 45.

Ultramar<sup>134</sup>. Para ilo, foi dividida en dúas seccións, unha propiamente dedicada aos asuntos da Armada e outra para estas últimas materias. Desempeñou esta función até que, en 1847, estes ramos foron atribuídos aos Ministerios de Comercio, Instrución e Obras Públicas, e da Gobernación, respectivamente<sup>135</sup>. Deste xeito, o departamento ficou coa súa competencia primordial sobre Armada.

## 7. O Ministerio de Fomento

Unha das novidades máis destacables durante o reinado de Fernando VII foi a creación da Secretaría de Fomento, inextricablemente unida ao desenvolvemento dos anteriores departamentos de Interior e Gobernación. O obxectivo era robustecer a administración interior, o que levou a un amoreamento de facultades que, a partir de mediados de século, impuxo a necesidade de desdobrar ministerios específicos.

A norma que organizaba Fomento era o Real Decreto de 9 de novembro de 1832<sup>136</sup>. Entre o amplo catálogo de facultades que provía, cómpre sinalar a estatística xeral do reino, a delimitación dos territorios administrativos, a infraestrutura pública, o fomento da agricultura, o comercio e a industria; as obras públicas, a instrución pública, a sanidade, a administración dos centros penitenciarios, os correos ou a superintendencia xeral de policía. Ademais, tiña potestades sobre institucións como o honorable consello da mesta, as Reais academias ou a imprenta Real, entre outras corporacións, establecementos e corpos directivos semellantes.

En 1835, durante a rexencia de María Cristina, o Ministerio pasou a denominarse “da Gobernación”, polo que a súa evolución a partir deste punto trátase no apartado deste último. Non obstante, doce anos despois foi creado outro departamento, o de Comercio, Instrución e Obras Públicas, que en 1851 recuperou o nome de Fomento. É a partir deste período, e até principios do século XX, cando comeza a súa idade de ouro, o que se debe á plenitude que acada nas súas competencias propias e aos seus logros na promulgación de normas e na execución de obras públicas<sup>137</sup>.

---

<sup>134</sup> Vid. nota 56.

<sup>135</sup> Vid. notas 67 e 71.

<sup>136</sup> Vid. nota 47.

<sup>137</sup> GUAITA, A., «La competencia del Ministerio de Fomento, 1832-1931», en *Actas del IV Symposium de Historia de la Administración*, Madrid, 1983, pp. 349-399.

Fixadas por un Real Decreto de 5 de febreiro de 1847<sup>138</sup>, as atribucións de Fomento, das que a continuación se expoñen algúns exemplos, proviñan dos departamentos de Gobernación e de Mariña e dividíanse en catro grandes ramos. Así, por Comercio encargábase do relativo ás xuntas de comercio, ás exportacións e importacións, á mellora e fomento da cabotaxe, á concesión de feiras e mercados ou ao arranxo dos pesos e as medidas. O de Instrución Pública implicaba a subordinación de tódalas institucións de ensino e culturais, como as universidades, as escolas, as bibliotecas ou os museos. En canto ás Obras Públicas, tiña autoridade sobre infraestrutura como as estradas, os ferrocarrís, os canles e ríos, os pantanos ou os portos, así como o que delas deriva, como as peaxes. Pouco despois, tamén recibiu potestades relativas ás minas. Sobre a Agricultura, as funcións incluían a súa protección, promoción ou mellora e desenvolvemento, a introdución de novos cultivos e o ensino dos procedementos agrícolas.

A partir deste punto, Fomento sufriu poucos cambios de atribucións durante o resto do reinado de Isabel II. Por unha banda, en 1851 agregáronselle os negociados de camiños veciñais, construción de torres telegráficas e calquera outro relativo á execución de obras públicas<sup>139</sup>. Pola mesma norma pasaron moitas funcións de instrución pública a Graza e Xustiza nun intento de aumentar a influencia clerical neste ámbito, mais retornaron a Fomento en 1855 como parte da política progresista de secularización<sup>140</sup>. Pola outra banda, foi dependente del a Dirección Xeral de Ultramar uns meses en 1856<sup>141</sup>, antes de se incorporar a Estado.

## 8. O Ministerio de Gobernación

A institución dun Ministerio da Gobernación foi unha das innovacións máis importantes nas estruturas ministeriais do século XIX. A súa necesidade, innegable xa durante os anos postremos do absolutismo, veu dada por un crecente Estado que, ante as transformacións sociais e políticas, tivo que abarcar un número cada vez maior de asuntos relativos á administración interna.

A Secretaría do Despacho da Gobernación do Reino para a Península durante o período gaditano tiña amplas prerrogativas relacionadas co goberno político e económico<sup>142</sup>. Destacan as relacionadas coa policía municipal (é dicir, a salubridade, limpeza e adorno das poboacións), a

---

<sup>138</sup> Vid. nota 47.

<sup>139</sup> Vid. nota 81.

<sup>140</sup> SANZ DÍAZ, F., *La segunda enseñanza oficial en el siglo XIX (1834-1874)*, Madrid, 1985, pp. 57-69.

<sup>141</sup> Vid. nota 95.

<sup>142</sup> Vid. nota 27.

instrucción pública, as obras públicas, a sanidade e o fomento da agricultura e a industria. A modo de exemplo, tamén poden citarse as minas e canteiras, a navegación e o comercio interior, os hospitais e os cárceres, a delimitación de provincias e municipios, a estatística e economía pública, o servizo de Correos, e a provisión dos empregos correspondentes coas súas competencias. O exercicio destes poderes requiría un gran número de negociados, desde o de agricultura, industria e artes até o de eleccións de Deputados a Cortes, de Xefes políticos, Deputacións provinciais e Concellos<sup>143</sup>.

Trala volta ao absolutismo, houbo que agardar até 1835, durante as reformas do comezo da rexencia de María Cristina, para que un departamento se chamase “da Gobernación”. En realidade, tratábase simplemente do Ministerio de Fomento creado por Fernando VII, que recibiu unha nova denominación, mais conservou as súas competencias (descritas no apartado correspondente a este último), moi similares ás do período gaditano. Este cambio non era irrelevante, xa que, mentres que o nome precedente, “do Interior”, se asociaba co aspecto coercitivo do poder político, o novo relacionábase coa idea da participación no goberno dos municipios e provincias<sup>144</sup>. Os progresistas fixeron fincapé nesta noción trala súa toma do poder na Revolución de 1836.

A partir deste punto, as reformas máis importantes durante o reinado de Isabel II aconteceron en 1847, cando Gobernación perdeu as atribucións de instrucción pública, obras públicas e agricultura coa creación de Fomento<sup>145</sup>, ás que se sumou a de minas uns meses máis tarde. Como contrapartida, foille incorporado o negociado de Ultramar, coas súas competencias sobre o goberno das colonias, que retivo até 1851. Estes cambios supuxeron unha viraxe de rumbo no departamento, que, a pesar de conservar outras funcións, foise enfocando na preservación da orde, unha das metas dos moderados que xa se vía desde a creación en 1844 da Garda Civil, corpo dependente do Ministerio<sup>146</sup>.

## 9. O Ministerio de Ultramar

Malia que o período estivo marcado pola perda da maioría do imperio ultramarino, España conservou até o final do século XIX posesións en América e Asia, e incluso se expandiu no continente africano. Aínda que a gobernación destes territorios estivo, durante a maior parte do tempo,

---

<sup>143</sup> GARCÍA MADARIA, *Estructura...*, pp. 38-39.

<sup>144</sup> PÉREZ NÚÑEZ, J., «Del Ministerio del Interior al de la Gobernación: el gobernador civil de Madrid en tiempo del Estatuto Real», *AHDE*, núm. 77 (2007), pp. 255-375.

<sup>145</sup> *Vid.* nota 47.

<sup>146</sup> ROJAS JUÁREZ, J., e de ANDRÉS DÍAZ, R., *Ministerio del Interior...*, pp. 56-58.

supeditada a outros departamentos, si houbo algunhas estruturas ministeriais que se dedicaron a ilo en exclusiva.

Durante a vixencia da Constitución de 1812, as competencias da Secretaría do Despacho da Gobernación para Ultramar detallábanse no Decreto de 6 de abril do mesmo ano<sup>147</sup>. Este departamento era moi particular, xa que en gran parte parece superporse co de Gobernación da Península. Por tanto, tiña encomendados os mesmos negocios, mais só nas provincias de América e Asia e a excepción dos correos e as postas, materia exclusiva do segundo. Porén, e debido á natureza colonial destes territorios ultramarinos, tamén debía ocuparse das misións para a conversión dos nativos non cristiáns, así como do fomento do comercio cos indíxenas.

Desde a supresión da breve Secretaría da Gobernación Universal de Indias absolutista que Fernando VII restabelecera entre 1814 e 1815, as atribucións sobre administración das colonias estiveron repartidas entre o resto de departamentos. Coa volta ao réxime constitucional en 1836, as competencias relativas a Ultramar agregáronse a Mariña, o que supuxo o inicio dun período de case tres décadas no que pasaron por Gobernación, Estado, Fomento e a presidencia do Consello de Ministros.

Isto rematou coa elevación da antiga Dirección Xeral a un Ministerio de Ultramar propiamente por un Real Decreto de 20 de maio de 1863, que definía parcamente as súas atribucións<sup>148</sup>: o despacho de tódolos asuntos das provincias de Ultramar, exceptuando os que correspondían a Estado, Guerra e Mariña. En termos xerais, tratábase de facultades moi similares ás de Gobernación e Fomento, entre as que destacaba o nomeamento dos Gobernadores Capitáns Xerais, os cargos máis altos das administracións coloniais. De feito, debido á superposición con estes departamentos, foi necesario asignar ao Consello de Ministros algunhas funcións conflitivas, como o réxime administrativo das provincias ultramarinas ou o seu orzamento<sup>149</sup>. De tódolos xeitos, as facultades da nova carteira podían clasificarse en tres grandes grupos: legislativas, económicas e misceláneas<sup>150</sup>.

Aínda que Ultramar ficaba co rango dun Ministerio, isto non supuxo unha ampliación de competencias e persoal, feito que o fixo sufrir dunha insuficiencia de medios. O motivo é que, na

---

<sup>147</sup> Vid. nota 27.

<sup>148</sup> Vid. nota 105.

<sup>149</sup> Real decreto fijando las atribuciones del Consejo de Ministros en el despacho de los negocios de Ultramar, como también las relaciones del Ministerio nuevamente creado con los demás departamentos, *Gaceta*, 27 de maio de 1863, núm. 147, p. 1.

<sup>150</sup> MONTANOS FERRÍN, E., «El Ministerio de Ultramar», en *Actas del IV Symposium de Historia de la Administración*, 1983, pp. 557-578.

práctica, non deixaba de ser unha medida de compromiso produto do acordo entre un goberno de tendencia centralizadora e os grupos de presión coloniais<sup>151</sup>.

---

<sup>151</sup> SÁNCHEZ ANDRÉS, A., *El ministerio de ultramar: una institución liberal para el gobierno de las colonias, 1863-1899*, Madrid, 2007, pp. 43-56.

## Conclusiones

Para fechar este traballo, cómpre sinalar certas conclusións que del é posible derivar. Neste senso, pódense pór en relevo as tendencias que se levan a cabo no seo das estruturas ministeriais ao longo do século, mais tamén comentar algúns aspectos sobre a situación das fontes e a súa repercusión na elaboración desta exposición.

En primeiro lugar, hai que destacar a transformación máis importante con respecto aos ministerios durante o período estudado: o paso dos departamentos do Antigo Réxime aos da monarquía constitucional propia do século XIX. Así, duns secretarios subordinados a un poder rexio absoluto pasouse a auténticos ministros, directores dunha serie de órganos aos que constitucionalmente e en conxunto se lles designaba o exercicio do poder executivo de xeito coordinado por medio do Consello de Ministros cara o rumbo marcado polo seu presidente. Malia que o rei seguía desempeñando unha función fundamental neste eido, o que queda claramente plasmado no poder de designar e separar libremente estes individuos, foise perfilando a separación entre os xefes do Goberno e do Estado, un principio básico na monarquía parlamentaria como se entende na actualidade.

Este proceso tamén permite ver, nun senso máis estritamente xurídico, un importante desenvolvemento no ámbito do Dereito público, particularmente no Administrativo. O esforzo dos sucesivos gobernos por deslindar as atribucións e ámbitos dos ministerios para aumentar a eficiencia na xestión do Estado é palpable no aumento de volume e sofisticación dos instrumentos legais. Do mesmo xeito, foron aumentando tanto as potestades coma o tamaño dos departamentos a medida que se extinguían as institucións do Antigo Réxime. Necesariamente, o anterior implicou, a través de reformas decisivas nas súas plantas, a progresiva implantación dun corpo funcional profesional e máis especializado no manexo das cuestións xurídicas, mais subordinado aínda aos vaivéns políticos. Finalmente, este desenvolvemento tamén se nota na formación e regulación definitivas, seguindo os antecedentes de finais do século XVIII, dunha institución que segue tendo unha importancia capital até os nosos días, o Consello de Ministros.

En terceiro lugar, é necesario sinalar outra tendencia que se afianzou durante o período estudado: non só aumentou o Dereito en complexidade, senón que foi abarcando cada vez máis ámbitos. O anterior está relacionado con cambios na estrutura socioeconómica que van alén do

obxecto deste traballo, pero non por ilo tiveron menos impacto nas estruturas ministeriais. Neste senso, hai que salientar a creación de dous novos ministerios dedicados exclusivamente a diferentes aspectos da administración interna, os de Fomento e Gobernación. Así, o que a principios de século era unha cuestión a debater, unhas décadas despois converteuse nunha realidade innegable. Aínda máis, algo similar ocorreu con Ultramar, cuxa elevación a departamento é produto de procesos que se produciron tanto a nivel internacional (a necesidade de afianzar o control das colonias no limiar do novo imperialismo) como interior (a tensión entre unha metrópole temerosa de máis perdas nas posesións de ultramar e as elites destes territorios, cada vez máis interesadas na independencia).

Por último, é conveniente reflexionar brevemente sobre a situación das propias fontes nas que se baseou este traballo. Por unha parte, é certo que existe unha gran cantidade de bibliografía sobre a historia das estruturas ministeriais, mesmo se a indagación sobre este tema axiña revela algúns desequilibrios, xa que o período que máis atención semella recibir é o do século XX. Non obstante, tamén hai que pór en relevo que moitos dos documentos primarios susceptibles de aportar información importante neste eido son de difícil acceso. A pesar de que a base de datos do Boletín Oficial do Estado é dunha utilidade inestimable, hai etapas sobre as que está máis ben incompleta, principalmente nos anos anteriores a 1836. Así, o estudo de moitas normas ou escritos sobre as estruturas ministeriais das administracións xosefista, gaditana e fernandina queda supeditado á dispoñibilidade de recompilacións legislativas da época que poden ser ou non públicas e no acceso aos arquivos onde se atopan, o que loxicamente non está ao alcance de todos. Esta situación denota a necesidade de investir máis na dixitalización e na posta a disposición da poboación destes documentos, xa non só polas facilidades que suporía para a comunidade de investigadores profesionais, permitindo estudos máis pormenorizados, senón tamén para o beneficio de calquera suxeito interesado na Historia do Dereito.

En síntese, o exame da evolución das estruturas ministeriais durante o século XIX revela a aparición de novas tendencias no ámbito xurídico, así como o desenvolvemento doutras xa existentes, que cristalizaron no establecemento do Goberno contemporáneo. Así, no período 1808-1868 afianzáronse algúns dos principios que seguen en vixencia na actualidade, ao tempo que o crecemento do Executivo precisou da creación de máis departamentos e dunha regulación e coordinación máis sofisticadas no seo das estruturas ministeriais.

## Bibliografía

AQUILLUÉ DOMÍNGUEZ, D., «La Constitución de 1837: ¿una Constitución transaccional?», en *Revista Historia Autónoma*, núm. 6 (2015), pp. 45-59.

ASTARLOA VILLENA, F., «La Constitución de 1812», en *Cuadernos de la Facultad de Derecho*, 17 (1991), pp. 19-46.

BENITO GARCÍA, M.A., «El Ministerio de Marina: Orígenes y evolución en el siglo XIX», en *Boletín de la ANABAD*, núm. 2 (2003), pp. 23-48.

CORDERO TORRES, J.M., *El Consejo de Estado. Su trayectoria y perspectivas en España*, Madrid, 1944, p. 85.

DELGADO del RINCÓN, L.E., «La configuración de la administración de justicia como parte de la administración pública durante el siglo XIX español (análisis de algunos aspectos que influyeron en el proceso de burocratización)», en GIL CREMADES, J.J., NAGORE LAÍN, F., SEOANE VACAS, C., VICENTE y GUERRERO, G. (ed.), *La configuración jurídico política del estado liberal en España: actas del Congreso en conmemoración del segundo centenario del nacimiento de Alejandro Oliván (1796-1996)*, Huesca, 1996, pp. 75-88.

FERNÁNDEZ SARASOLA, I., «La Primera Constitución Española: El Estatuto de Bayona», en *Revista de Derecho, Universidad del Norte*, núm. 26 (2006).

FERNÁNDEZ SARASOLA, I., «La organización del Poder Ejecutivo en España (1808-1810). Reflexiones a raíz de un texto inédito de Jovellanos», en *HISPANIA. Revista Española de Historia*, LXXI, 239 (2011), pp. 715-740.

GARCÍA MADARIA, J.M. *Estructura de la Administración Central (1808-1931)*, Madrid, 1982, p. 112.

GUAITA, A., «La competencia del Ministerio de Fomento, 1832-1931», en *Actas del IV Symposium de Historia de la Administración*, Madrid, 1983, pp. 349-399.

GUILLAMÓN ÁLVAREZ, F.J., «Floridablanca y la Junta Suprema de Estado», en ALABRÚS, R.M., BETRÁN, J.L., BURGOS, J., HERNÁNDEZ, B., MORENO, D. e PEÑA, M. (ed.), *Pasados y presente:*

*estudios para el profesor Ricardo García Cárcel*, Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, 2022, pp. 405-415.

HERMOSO de MENDOZA y BAZTÁN, M.T., «El Ministerio de la Guerra: Orígenes y evolución en el siglo XIX», en *Boletín de la ANABAD*, núm. 2 (2003), pp. 9-22.

MARTÍNEZ CARDÓS, J.M. e FERNÁNDEZ ESPESO, C., *Primera Secretaría de Estado. Ministerio de Estado, disposiciones orgánicas, 1705-1936*, Madrid, 1972, p. CXLVIII.

MASSO GARROTE, M., “Significado y aportes de la Constitución de Cádiz de 1812 en el constitucionalismo español e iberoamericano”, en DÍAZ REVORIO, F. J., e VERA SANTOS, J. M., *La Constitución de 1812 y su difusión en Iberoamérica*, Valencia, Tirant lo Blanc, 2012, p. 359.

MEDINA MUÑOZ, M.A., «La reforma constitucional de 1845», en *Revista de estudios políticos*, núm. 203 (1975), pp. 75-106.

MEDINA MUÑOZ, M.A., «Las Cortes en la Constitución de 1845», en *Revista de estudios políticos*, núm. 208-209 (1976), pp. 131-148.

MERCADER RIBA, J., *José Bonaparte Rey de España: 1808-1813: Estructura del Estado Español Bonapartista*, Madrid, 1983, p. 101.

MERCADER RIBA, J., «La instauración primera del Ministerio del Interior en España bajo José Bonaparte», en *HISPANIA. Revista Española de Historia*, 150 (1982), pp. 183-206.

MONTANOS FERRÍN, E., «El Ministerio de Ultramar», en *Actas del IV Symposium de Historia de la Administración*, 1983, pp. 557-578.

ORTEGO GIL, P., «Breves reflexiones sobre la división de poderes y la administración de justicia en España durante el siglo XIX», en *Historia constitucional: Revista Electrónica de Historia Constitucional*, núm. 20 (2019), pp. 499-544.

PAN-MONTOJO, J., «El Estado según los altos funcionarios de la Hacienda Española, 1881-1936», en *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, núm. 36 (2016), pp. 75-101.

PEREZ de la CANAL, M.A., «Un plan de nueva organización de los Ministerios formado por el Consejo de Regencia de 1811», en *Documentación Administrativa*, 194 (1982), pp. 213-267.

PÉREZ NÚÑEZ, J., «Del Ministerio del Interior al de la Gobernación: el gobernador civil de Madrid en tiempo del Estatuto Real», *Anuario de Historia del Derecho Español*, núm. 77 (2007), pp. 255-375.

RAMÍREZ JIMÉNEZ, D., «El personal del Ministerio de Estado durante el reinado de Isabel II (1833-1868)», en *Hidalguía: la revista de genealogía, nobleza y armas*, núm. 360 (2013), pp. 643-686.

RAMÍREZ JIMÉNEZ, D., «La Cancillería de la Primera Secretaría de Estado y del Despacho Española – Ministerio de Estado, durante el reinado de Isabel II (1833-1868): Introducción a su estudio», en *Documenta & Instrumenta*, 9 (2011), pp. 61-73.

RODRÍGUEZ ALONSO, M., «El Estatuto Real de 1834. El embajador británico en la preparación y redacción definitiva del texto», en *Revista de estudios políticos*, núm. 44 (1985), pp. 189-203.

ROJAS JUÁREZ, J.R. e de ANDRÉS DÍAZ, R., *Ministerio del Interior. Dos siglos de Historia*, Bilbao, 2015, p. 40.

SÁNCHEZ ANDRÉS, A., *El ministerio de ultramar: una institución liberal para el gobierno de las colonias, 1863-1899*, Madrid, 2007, pp. 43-56.

SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, J., *Historia de las Instituciones Político-Administrativas Contemporáneas (1808-1975)*, Madrid, 1994, pp. 214-249.

SÁNCHEZ BLANCO, A., «Cartas Otorgadas y Constituciones de España», *Revista de Ingeniería y Humanidades*, núm. 23 (2012), pp. 8-37.

SANZ DÍAZ, C., «Del Ministerio de Estado al Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación: el Palacio de Santa Cruz en la política exterior española de los siglos XX y XXI», en HERNÁNDEZ RUIZ, M., BENEYTO PÉREZ, J.M., PEREIRA CASTAÑARES, J.C. (ed.), *Historia de la política exterior española en los siglos XX y XXI*, Madrid, 2016, pp. 299-336.

SANZ DÍAZ, F., *La segunda enseñanza oficial en el siglo XIX (1834-1874)*, Madrid, 1985, pp. 57-69.

SUÁREZ VERDAGUER, F., «La creación del Ministerio del Interior en España», en *Anuario de Historia del Derecho Español*, 19 (1948-1949), pp. 15-56.

SUÁREZ VERDAGUER, F., *Documentos del Reinado de Fernando VII*, Pamplona, 1969, Vol. III, p. 12.

## Fontes

*Colección de los Decretos y Órdenes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde 24 de setiembre de 1810 hasta igual fecha de 1811*, Madrid, Imprenta Nacional, 1820, Tomo I.

*Colección de los Decretos y Órdenes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde 24 de setiembre de 1811 hasta 24 de mayo de 1812*, Madrid, Imprenta Nacional, 1820, Tomo II.

*Colección de Decretos y Leyes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde 24 de febrero de 1813 hasta 14 de setiembre del mismo año, en que terminaron sus sesiones*, Madrid, Imprenta Nacional, 1820, Tomo IV.

*Colección de los Decretos y Órdenes Generales de la Primera Legislatura de las Cortes Ordinarias de 1820 y 1821, desde el 6 de julio hasta el 9 de noviembre de 1820*, Madrid, Imprenta Nacional, 1821, Tomo VI.

*Decretos del Rey Don Fernando VII: año primero de su restitución al trono de las Españas*, Madrid, Imprenta Real, 1816, Vol. 1.

*Decretos del Rey Don Fernando VII: año segundo de su restitución al trono de las Españas*, Madrid, Imprenta Real, 1816, Vol. 2.

*El Restaurador. Colección de Decretos, Órdenes y Circulares del Gobierno desde la Instauración de la Regencia en 26 de mayo de 1823*, Núm. 1.

*Gaceta de Madrid*, 20 de novembro de 1823, núm. 114.

*Gaceta de Madrid*, 15 de setembro de 1825, núm. 112.

*Gaceta de Madrid*, 6 de novembro de 1832, núm. 135.

*Gaceta de Madrid*, 10 de novembro de 1832, núm. 137.

*Gaceta de Madrid*, 16 de abril de 1834, núm. 55.

*Gaceta de Madrid*, 15 de maio de 1834, núm. 84

*Gaceta de Madrid*, 17 de xuño de 1834, núm. 120.

*Gaceta de Madrid*, 22 de agosto de 1834, núm. 188.

*Gaceta de Madrid*, 12 de abril de 1835, núm. 102.

*Gaceta de Madrid*, 12 de agosto de 1835, núm. 225.

- Gaceta de Madrid*, 8 de decembro de 1835, núm. 102.
- Gaceta de Madrid*, 11 de xaneiro de 1836, núm. 382.
- Gaceta de Madrid*, 1 de outubro de 1836, núm. 659.
- Gaceta de Madrid*, 4 de outubro de 1836, núm. 662.
- Gaceta de Madrid*, 25 de outubro de 1836, núm. 686.
- Gaceta de Madrid*, 12 de febreiro de 1843, núm. 3050.
- Gaceta de Madrid*, 11 de setembro de 1843, núm. 3277.
- Gaceta de Madrid*, 19 de xuño de 1845, núm. 3931.
- Gaceta de Madrid*, 30 de xaneiro de 1847, núm. 4521.
- Gaceta de Madrid*, 11 de febreiro de 1847, núm. 4533.
- Gaceta de Madrid*, 20 de febreiro de 1847, núm. 4542.
- Gaceta de Madrid*, 27 de febreiro de 1847, núm. 4549.
- Gaceta de Madrid*, 13 de xullo de 1847, núm. 4685.
- Gaceta de Madrid*, 15 de setembro de 1847, núm. 4749.
- Gaceta de Madrid*, 21 de outubro de 1847, núm. 4785.
- Gaceta de Madrid*, 7 de novembro de 1847, núm. 4802.
- Gaceta de Madrid*, 13 de decembro de 1847, núm. 4838.
- Gaceta de Madrid*, 1 de xaneiro de 1850, núm. 5633.
- Gaceta de Madrid*, 27 de xuño de 1850, núm. 5810.
- Gaceta de Madrid*, 15 de maio de 1851, núm. 6149.
- Gaceta de Madrid*, 14 de xuño de 1851, núm. 6179.
- Gaceta de Madrid*, 1 de outubro de 1851, núm. 6288.
- Gaceta de Madrid*, 21 de outubro de 1851, núm. 6308.
- Gaceta de Madrid*, 18 de decembro de 1851, núm. 6366.
- Gaceta de Madrid*, 17 de maio de 1852, núm. 6538.
- Gaceta de Madrid*, 20 de xuño de 1852, núm. 6572.
- Gaceta de Madrid*, 17 de outubro de 1852, núm. 6691.

*Gaceta de Madrid*, 19 de maio de 1854, núm. 504.

*Gaceta de Madrid*, 31 de xullo de 1854, núm. 576.

*Gaceta de Madrid*, 31 de decembro de 1854, núm. 729.

*Gaceta de Madrid*, 26 de xaneiro de 1855, núm. 755.

*Gaceta de Madrid*, 21 de xuño de 1855, núm. 901.

*Gaceta de Madrid*, 5 de marzo de 1856, núm. 1157.

*Gaceta de Madrid*, 31 de maio de 1856, núm. 1244.

*Gaceta de Madrid*, 17 de xullo de 1856, núm. 1291.

*Gaceta de Madrid*, 13 de outubro de 1856, núm. 1379.

*Gaceta de Madrid*, 7 de novembro de 1857, núm. 1768.

*Gaceta de Madrid*, 4 de xaneiro de 1858, núm. 4.

*Gaceta de Madrid*, 26 de marzo de 1858, núm. 85.

*Gaceta de Madrid*, 10 de abril de 1858, núm. 100.

*Gaceta de Madrid*, 1 de xullo de 1858, núm. 182.

*Gaceta de Madrid*, 28 de outubro de 1858, núm. 301.

*Gaceta de Madrid*, 6 de setembro de 1860, núm. 250.

*Gaceta de Madrid*, 20 de xaneiro de 1863, núm. 20.

*Gaceta de Madrid*, 4 de marzo de 1863, núm. 63.

*Gaceta de Madrid*, 21 de maio de 1863, núm. 141.

*Gaceta de Madrid*, 27 de maio de 1863, núm. 147.

*Gaceta de Madrid*, 2 de febreiro de 1865, núm. 33.

*Gaceta de Madrid*, 2 de marzo de 1865, núm. 61.

*Gaceta de Madrid*, 25 de xullo de 1866, núm. 206.

*Gaceta de Madrid*, 27 de xullo de 1868, núm. 204.

*Gaceta Extraordinaria de Madrid del Jueves 12 de mayo de 1814*, núm. 70.

*Prontuario de las Leyes y Decretos del Rey Nuestro Señor don José Napoleón I desde el año 1808*, Madrid, Imprenta Real, 1808, Tomo I.